



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2015

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trinta de decembro de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; don Jesús Bao Bouzas, dona M^a Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-Son; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's.

Non asisten, con escusa, dona Leonor Fernández Grande e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 30 de setembro de 2015

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 30 de setembro de 2015.

Non se formulan alegacións, polo que a Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron á citada sesión, aproba o citado borrador.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Toma de coñecemento da modificación de voceiro, titular e suplente, do PSdeG-PSOE

De orde do Sr. presidente, a secretaria da Corporación dá conta do escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/10626 o día 26 de novembro de 2015, presentado polo grupo municipal socialista, que consta do seguinte teor literal:

“En reunión mantida no día de onte polos integrantes do grupo municipal socialista e ante a dimisión do seu voceiro Augusto Rey Moreno, levouse a cabo a elección do novo voceiro, que recae en Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e María Jesús Gómez González (voceira suplente)”.

Asinan o escrito don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, dona Leonor Fernández Grande e dona María Jesús Gómez González.

2.2. Toma de coñecemento do escrito presentado polo grupo municipal do PSdeG-PSOE respecto da designación dos membros, titular e suplentes, das Comisións Informativas



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

De orde do Sr. presidente, a secretaria da Corporación dá conta do escrito presentado polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistrado de entrada ao núm. 0/11615 o día 22 de decembro de 2015, no que se comunican os membros designados por este grupo municipal para integrar as comisións informativas. Son os seguintes:

A) Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade Cidadá e Desenvolvemento Socioeconómico

Titular:	Suplente:
Juan Evaristo Rodríguez Vázquez	M ^a Jesús Gómez González
Leonor Fernández Grande	

B) Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente

Titular:	Suplente:
Josefa Vázquez Soto	Juan Evaristo Rodríguez Vázquez
Jesús Bao Bouzas	

C) Comisión Informativa de Benestar Social, Cultura, Deportes e Xuventude

Titular:	Suplente:
M ^a Jesús Gómez González	Leonor Fernández Grande
Juan Evaristo Rodríguez Vázquez	

D) Comisión Especial de Contas

Titular:	Suplente:
Josefa Vázquez Soto	Jesús Bao Bouzas
M ^a Jesús Gómez González	

2.3. Modificación da Ordenanza fiscal núm. 16 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con postos, casetas de venda, barracas, espectáculos, atraccións ou recreo, e por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa

Vista a proposta de Alcaldía do día 17 de decembro de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“A recente aprobación da Ordenanza reguladora da instalación de terrazas en terreos de uso público que regula, dentro da esfera da competencia municipal a instalación de terrazas de hostalería nas vías públicas, prazas e paseos de uso público do municipio, de acordo co Regulamento de bens das entidades locais, pon de manifesto a necesidade de adaptar a vixente ordenanza fiscal reguladora de, entre outras, ditas ocupacións as súas esixencias.

Asimesmo considérase precisa a modificación da ordenanza fiscal, en canto as cotas non foron modificadas nos últimos quince anos e, asimesmo, pola necesidade de adaptar ditas cotas ao momento actual e aos costes derivados dos procedementos municipais de concesión das oportunas licencias de ocupación, facilitando a xestión tributaria da taxa e tamén a súa recadación.

O Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sinala nos seus artigos 15 a 19 o procedemento para aprobar e modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais.

O artigo 16.1 do devandito texto legal determina que os acordos de modificación das ordenanzas reflectirán a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación.

Por todo isto, propónse ao Pleno que adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente para o exercicio 2016 e seguintes a modificación da ordenanza fiscal nº 16 reguladora da Taxa por Ocupación de Terreos de Uso Público con Postos, Casetas de venda, Barracas, Espectáculos, Atraccións ou Recreo e por Mesas e Cadeiras con finalidade lucrativa, coa seguinte redacción:

Ordenanza fiscal nº 9 reguladora da Taxa por Ocupación de Terreos de Uso Público con Postos, Barracas, Espectáculos, Atraccións ou Recreo e por Mesas e Cadeiras con finalidade lucrativa

Artículo 1º. - Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 20 a 27 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a "Taxa por ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, espectáculos, atraccións ou recreo e por mesas, cadeiras con finalidade lucrativa", que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, na que súas normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo .

Artículo 2º. - Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a ocupación de terreos de uso público por postos, barracas, espectáculos, atraccións ou recreo, mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, nos termos establecidos no artigo 5º desta ordenanza, onde se regulan as tarifas a aplicar, salvo as realizadas con ocasión da celebración de ferias tradicionais ou festexos populares promovidos polo Concello.

Artículo 3º. – Obrigados tributarios

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria a cuxo favor se outorguen as licenzas, ou autorizacións, ou quen se beneficie ou realice os aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización. Se o aproveitamento se realizase sen obter a licenza ou autorización, considerarase que ten a condición de suxeito pasivo o titular da empresa que explote a instalación á que estea afecto o elemento situado en terreo de uso público.
2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artículo 4º. - Beneficios fiscais.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

Artículo 5º. - Cota tributaria.

1. A contía da taxa, regulada nesta ordenanza, será a fixada nas tarifas contidas no parágrafo seguinte, segundo a superficie ocupada polos aproveitamentos e expresada en metros cadrados.
2. Establécense as seguintes:
 - a. Anual, coincidendo co ano natural, por cada m2, 27,00 €/m2
 - b. Semestral, semestres naturais, por cada m2, 18,00 €/m2
 - c. Trimestral, trimestres naturais, por cada m2, 14,34 €/m2
 - d. Mensual, meses naturais, por cada m2, 5,60 €/m2
 - e. Ocasional, por día 0,27 €/m2
 - f. Tarifa máxima, 100 €/ día

3. Non obstante ao disposto nos apartados anteriores, cando para a autorización da utilización privativa se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa vendrá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaiga a concesión, autorización o adxudicación.

Artículo 6º. - Devengo.

1. O devengo da presente taxa se produce:

- a) Tratándose de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de iniciar o aproveitamento do dominio público local, previa solicitude e concesión da correspondente licencia.
- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día un de xaneiro de cada ano natural e o período impositivo comprenderá o ano natural.

2. As cotas sinaladas nas tarifas non poderán reducirse, excepto no seguinte suposto:

Cando con motivo da execución de obras e/ou servizos públicos ou privados xa autorizados, o Concello revogue, modifique ou suspenda temporalmente a autorización concedida. Nestes casos, previa solicitude do interesado, e sen que se xere ningún tipo de dereito por parte do obrigado tributario a compensación algunha, procederase ao prorrateo, ou reintegro, no seu caso, da parte proporcional do período non utilizado do importe correspondente á taxa municipal polo aproveitamento especial correspondente ao período non utilizado. A estes efectos, requirirase a emisión de informe técnico sobre a efectiva incidencia das obras e prazo de efectos.

Artículo 7º. – Normas de xestión.

1. Cando se presenten solicitudes de licenza ou autorización para a realización dos aproveitamentos previstos nesta Ordenanza haberá de efectuarse o ingreso anticipado en concepto de depósito previo correspondente á cota do exercicio en que ésta se liquida, non tramitándose sen este requisito o expediente para a concesión do aproveitamento. Poderá establecerse a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante. A resolución que conceda a licenza ou autorización aprobará simultaneamente unha liquidación provisional ordenando as devolucións ou practicando as liquidacións complementarias que procedan. En caso de non concederse a licenza ou autorización, devolverase o depósito constituído, salvo que se acredite a ocupación.

2. As posteriores cotas anuais serán esixibles dende o primeiro día do ano natural, se ben se poderá elaborar un Padrón anual, tanto para aqueles aproveitamentos no que o seu período impositivo sexa anual coma para aqueles que se soliciten por tempada, sendo obxecto de notificación colectiva. Non será necesario notificar expresamente as variacións que recollan o consignado en declaracións ou documentos presentados polo contribuínte.

3. Cando se realicen aproveitamentos sen licenza ou excedendo do autorizado, practicaranse de oficio as liquidacións que correspondan e impoñeranse as sancións que procedan. O pagamento da taxa non supón a adquisición do dereito a realizar o aproveitamento, podendo adoptar a administración municipal as medidas que procedan para evitar a continuación daqueles que non poidan ser autorizados por non cumprir as condicións requiridas, se ben a actuación municipal neste sentido provocará a baixa na matrícula.

4. O período impositivo para as tarifas anuais sinaladas no artigo 5 desta Ordenanza, coincidirá co ano natural e unha vez autorizada a ocupación, entenderase prorrogada anualmente, mentras non se presente declaración de baixa justificada polo interesado ou polos seus lexítimos representantes, no caso de falecemento.

Tales cotas son irreducibles, salvo nos casos en que a declaración de alta ou baixa na ocupación non coincida co ano natural, en cuxo suposto as cotas se calcularán proporcionalmente ao número de trimestres naturais que restan para finalizar o ano, incluído o do comezo ou finalización do exercicio da actividade. Así mesmo, a devolución das cotas trimestrais a que teña dereito o suxeito pasivo nos casos de baixa na prestación do servizo, deberá ser solicitada por éste, e tramitarse conforme ás normas que rexen a devolución de ingresos indebidos.

5. Na tramitación da licenza observaranse as prescricións contidas na Ordenanza Municipal de mesas e cadeiras.

Artículo 8º. – Infraccións e sancións.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición final

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor na data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

SEGUNDO.- A antedita modificación comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

TERCEIRO.- Expoñer ó público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completo da ordenanza fiscal modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio de exposición no *Boletín Oficial da Provincia*. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto lexislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

CUARTO.- Publicar no *Boletín Oficial da Provincia* os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto da ordenanza modificada.”

A Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 23 de decembro de 2015, ditaminou favorablemente a proposta transcrita, coa corrección do erro material detectado no punto primeiro dos acordos, quedando a parte dispositiva redactada do seguinte teor literal:

“**PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente para o exercicio 2016 e seguintes a modificación da ordenanza fiscal nº 16 reguladora da Taxa por Ocupación de Terreos de Uso Público con Postos, Casetas de venda, Barracas, Espectáculos, Atraccións ou Recreo e por Mesas e Cadeiras con finalidade lucrativa, coa seguinte redacción:

Ordenanza fiscal nº 16 reguladora da Taxa por Ocupación de Terreos de Uso Público con Postos, Barracas, Espectáculos, Atraccións ou Recreo e por Mesas e Cadeiras con finalidade lucrativa

Artículo 1º. - Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a “Taxa por ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, espectáculos, atraccións ou recreo e por mesas, cadeiras con finalidade lucrativa”, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, na que súas normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo .

Artículo 2º. - Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a ocupación de terreos de uso público por postos, barracas, espectáculos, atraccións ou recreo, mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, nos termos establecidos no artigo 5º desta ordenanza, onde se regulan as tarifas a aplicar, salvo as realizadas con ocasión da celebración de ferias tradicionais ou festexos populares promovidos polo Concello.

Artículo 3º. – Obrigados tributarios

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria a cuxo favor se outorguen as licenzas, ou autorizacións, ou quen se beneficie ou realice os aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización. Se o aproveitamento se realizase sen obter a licenza ou



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

autorización, considerarase que ten a condición de suxeito pasivo o titular da empresa que explore a instalación á que estea afecto o elemento situado en terreo de uso público.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artículo 4º. - Beneficios fiscais.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

Artículo 5º. - Cota tributaria.

1. A contía da taxa, regulada nesta ordenanza, será a fixada nas tarifas contidas no parágrafo seguinte, segundo a superficie ocupada polos aproveitamentos e expresada en metros cadrados.

2. Establécense as seguintes:

- a. Anual, coincidendo co ano natural, por cada m², 27,00 €/m²
- b. Semestral, semestres naturais, por cada m², 18,00 €/m²
- c. Trimestral, trimestres naturais, por cada m², 14,34 €/m²
- d. Mensual, meses naturais, por cada m², 5,60 €/m²
- e. Ocasional, por día 0,27 €/m²
- f. Tarifa máxima, 100 € / día

3. Non obstante ao disposto nos apartados anteriores, cando para a autorización da utilización privativa se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa vendrá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaiga a concesión, autorización o adxudicación.

Artículo 6º. - Devengo.

1. O devengo da presente taxa se produce:

- a) Tratándose de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de iniciar o aproveitamento do dominio público local, previa solicitude e concesión da correspondente licencia.
- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día un de xaneiro de cada ano natural e o período impositivo comprenderá o ano natural.

2. As cotas sinaladas nas tarifas non poderán reducirse, excepto no seguinte suposto:

Cando con motivo da execución de obras e/ou servizos públicos ou privados xa autorizados, o Concello revogue, modifique ou suspenda temporalmente a autorización concedida. Nestes casos, previa solicitude do interesado, e sen que se xere ningún tipo de dereito por parte do obrigado tributario a compensación algunha, procederá ao prorrateo, ou reintegro, no seu caso, da parte proporcional do período non utilizado do importe correspondente á taxa municipal polo aproveitamento especial correspondente ao período non utilizado. A estes efectos, requirirase a emisión de informe técnico sobre a efectiva incidencia das obras e prazo de efectos.

Artículo 7º. – Normas de xestión.

1. Cando se presenten solicitudes de licenza ou autorización para a realización dos aproveitamentos previstos nesta Ordenanza haberá de efectuarse o ingreso anticipado en concepto de depósito previo correspondente á cota do exercicio en que ésta se liquida, non tramitándose sen este requisito o expediente para a concesión do aproveitamento. Poderá establecerse a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante. A resolución que

conceda a licenza ou autorización aprobará simultaneamente unha liquidación provisional ordenando as devolucións ou practicando as liquidacións complementarias que procedan. En caso de non concederse a licenza ou autorización, devolverase o depósito constituido, salvo que se acredite a ocupación.

2. As posteriores cotas anuais serán esixibles dende o primeiro día do ano natural, se ben se poderá elaborar un Padrón anual, tanto para aqueles aproveitamentos no que o seu período impositivo sexa anual coma para aqueles que se soliciten por tempada, sendo obxecto de notificación colectiva. Non será necesario notificar expresamente as variacións que recollan o consignado en declaracións ou documentos presentados polo contribuínte.

3. Cando se realicen aproveitamentos sen licenza ou excedendo do autorizado, practicaranse de oficio as liquidacións que correspondan e impoñeranse as sancións que procedan. O pagamento da taxa non supón a adquisición do dereito a realizar o aproveitamento, podendo adoptar a administración municipal as medidas que procedan para evitar a continuación daqueles que non poidan ser autorizados por non cumprir as condicións requiridas, se ben a actuación municipal neste sentido provocará a baixa na matrícula.

4. O período impositivo para as tarifas anuais sinaladas no artigo 5 desta Ordenanza, coincidirá co ano natural e unha vez autorizada a ocupación, entenderase prorrogada anualmente, mentras non se presente declaración de baixa justificada polo interesado ou polos seus lexítimos representantes, no caso de falecemento.

Tales cotas son irreducibles, salvo nos casos en que a declaración de alta ou baixa na ocupación non coincida co ano natural, en cuxo suposto as cotas se calcularán proporcionalmente ao número de trimestres naturais que restan para finalizar o ano, incluído o do comezo ou finalización do exercicio da actividade. Así mesmo, a devolución das cotas trimestrais a que teña dereito o suxeito pasivo nos casos de baixa na prestación do servizo, deberá ser solicitada por éste, e tramitarse conforme ás normas que rexen a devolución de ingresos indebidos.

5. Na tramitación da licenza observaranse as prescricións contidas na Ordenanza Municipal de mesas e cadeiras.

Artículo 8º. – Infraccións e sancións.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición final

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor na data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

SEGUNDO.- A antedita modificación comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

TERCEIRO.- Expoñer ó público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completo da ordenanza fiscal modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio de exposición no *Boletín Oficial da Provincia*. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

CUARTO.- Publicar no *Boletín Oficial da Provincia* os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto da ordenanza modificada.”

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, expón que todos coñecen esta ordenanza. Despois de aprobar a ordenanza de como usar o espazo público, acordouse tamén cos hostaleiros que se necesitaba volver a recuperar a ordenanza de taxas.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Neste caso o que se fai é aplicar unhas novas taxas, presentando, a día de hoxe, a avaliación das taxas que viñan do ano 1999 e presentando tres tramos de taxas: mensual, semestral e anual. Canto máis tempo se soliciten esas taxas, menor taxa de aplicación proporcionalmente se lle aplicará a cada solicitante. Isto vén de dous tipos de cuestións: primeiro, porque parece razoable, porque é máis tempo de aplicación e, segundo, porque administrativamente se fai un menor traballo, dado que se solicita unha soa vez e non lles fai estar pedindo diversas licenzas. Esta é a razón de presentar este asunto aquí.

Concedida a palabra a dona Rocío Vila Díaz, concelleira do PP, manifesta que lle chama a atención que no informe técnico económico que fai a funcionaria se elixa como valor máximo o que dá o relatorio de valores que se aplica tanto no Temple como no polígono do Espírito Santo. Gustaríalle que se estableceran uns coeficientes graduais dependendo da localización onde se atope a terraza, rúa ou praza, para que, dese xeito, igual que se fai referencia a ese relatorio do catastro, onde se ve que hai distintos valores do solo, aquí tamén se puideran aplicar, polo menos, dous ou tres valores diferentes dependendo onde estea situada a terraza.

Se vén normativa doutros concellos limítrofes, como por exemplo, Arteixo, Miño, Oleiros, si que fan unha zonificación dependendo onde estea a terraza. Entón, gustaríalle que aquí tamén se recollera esa zonificación, porque entende que, ao mellor, non é igual unha terraza na Tapia, que unha terraza no centro de Cambre, ou nunha das parroquias.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que igual que se fixo coas terrazas, polos bares e cafeterías, considera que era importante unha proposta que regulara tamén as taxas de ocupación de espazo público, polo tanto, o voto do seu grupo será afirmativo.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que pola súa banda esta proposta parte do seu inicial agrado polo mero feito de que existe a posibilidade de que actualizando as tarifas determinados usuarios paguen, incluso, un importe inferior ao que viñan pagando ata o de agora.

Ata o de agora, se se fai exportación de datos coa tarifa antiga, víñanse pagando, e que a corrixan se se equivoca nos cálculos, que os fixo rapidamente, uns 46 euros por m² para actividades anuais, fronte aos 27 euros que se pagarán a partir de agora; 23 euros para liquidacións semestrais, e agora 18; 12 en trimestrais fronte aos 14 actuais. Entón, conclúe que para todos aqueles usuarios que instalen en terreo de uso público algún tipo de posto, barraca, caseta, espectáculo, terraza e o fagan por períodos iguais ou superiores a tres meses, pagarán menos do que viñan pagando ata agora.

Tamén é certo que para todos aqueles usuarios que realicen un uso inferior a eses tres meses, as tarifas se incrementan. Tamén fixo os cálculos de xeito rápido, pero aproximadamente ata o de agora liquidábanse 3,91 euros/m²/mensual e agora sube a 5,60 euros, e se a liquidación é diaria ou ocasional duplícase a taxa pasando dos 13 céntimos a 27.

Polo tanto, satisfácense con esta modificación de tarifas, ou beneficiáanse, as actividades a longo prazo de comerciantes da zona, algo que celebra, e nese sentido está de acordo coa revisión da taxa, pero tamén deben coidar que existen asentamentos de actividades foráneas nun momento determinado, espectáculos ocasionais que, neste caso, vense prexudicadas.

Respecto das fórmulas legais e matemáticas que se empregan, son fórmulas legais e matemáticas, pouco máis ten que dicir, pero si quere facer mención a algo que xa mencionou a concelleira do Partido Popular e é que con anterioridade ao famoso catastrazo, a fórmula, aplicando as mesmas fórmulas, non se vai meter, evidentemente non o poder facer, coas fórmulas de aplicación, pero a fórmula non partiría dos 900 m² que parte agora mesmo, senón de 560 m², iso como di, con anterioridade ao relatorio de valores. Quere dicir con isto, que utilizando exactamente as mesmas fórmulas, en lugar de 27 euros por metro e ano, estaríanse a pagar menos de 17 coa mesma fórmula. Se a liquidación é semestral, en lugar de 18 pagaríanse 11; trimestral, de 14 a 9. Pregúntase

que quere significar todo isto. Quere significar que aínda que efectivamente, e insiste, as contas as fixo rápido, facendo esa exportación da mesma fórmula con valores anteriores ao relatorio de valores e cos valores posteriores ao catastrazo, aproximadamente as taxas supoñen un 37% máis como consecuencia da actualización dos valores catastrais.

Quere dicir con isto e é a onde quere chegar, e quere referirse a Unión por Cambre e ao Partido Socialista, que fixeron moita campaña política en contra do catastrazo ao igual que o seu grupo no seu día tamén o denunciou, pero si realmente a inxerencia fora o beneficio dos veciños existen tamén na fórmula legalmente establecida datos ou posibilidades de aplicar determinado tipo de correctores ou de coeficientes que puideran axustar esa variación.

Antes de que lle contesten, que sabe que lle van contestar, di que a lei o que determina é que se ten que utilizar evidentemente o relatorio vixente, e o relatorio vixente é o que é, a non utilización deses coeficientes correctores dalgún xeito dá por boa a proposta tal como está. Feitas estas puntualizacións que cría que eran necesarias, o seu grupo, en apoio ás reducións das que falaba ao principio, e de que algúns establecementos van poder beneficiarse delas, pero en condena do incremento das taxas que van soportar determinadas actividades para períodos curtos, o seu grupo, vaise abster na votación.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o voto do seu grupo vai ser abstención.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que simplemente quere lembrar ao Goberno que tamén se deben revisar outras anomalías, casos onde non hai finalidade lucrativa e solicitar que tomen nota disto. O voto do seu grupo vai ser a favor.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que están nun concello onde realmente non hai grande disparidade entre barrios ou entre zonas; non é unha cidade, non é Madrid, non é A Coruña, e o seu grupo entendeu que unificar este tipo de criterios valorando que a distinción entre zonas podía ser de un ou dous euros non tiña moito sentido. Por suposto que se pode facer do xeito que formula a voceira de ACdC-SON, pero tampouco cría que isto fora un tema de interese nacional para tratar aquí. Cría que a diferenza de prezos era mínima e, polo tanto, era moito máis fácil atender a un só criterio que comezar a esbozar criterios, ese foi o contido, é un tema técnico, tampouco se meteron moito niso.

Respecto da formulación de grupo de ACdC-SON, quere dicir, radicalmente, que nada ten que ver o relatorio de valores coa busca dun valor obxectivo, entre comiñas, para a aplicación dunha ordenanza. Hai que partir de datos reais, é ao que lles obriga a lei. Búscase o dato e búscase a relación de cobro ao veciño o menor posible. Iso non significa que se acepte e se verifique ou que valoren o relatorio de valores como válido. O que si está claro é que algo ten que ser válido para poder efectuar os números e as contas.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que quere facer unha puntualización. O voceiro de UxC fálalle de datos reais e dun relatorio de valores que é o que está en vigor, pero ela o que lle está a dicir é que de non ser por ese tan criticado catastrazo, aplicando exactamente a mesma fórmula, utilizando exactamente os mesmos datos e utilizando O Temple, casco urbano, o valor catastral do Temple anterior ao catastrazo, unha terraza, por poñerlle un exemplo, que teña actividade anual en lugar de 27 euros/m², pagaría 17 euros.

Fai o comentario non como crítica a que se utilice o relatorio de valores. O comentario o fai por unha cuestión de xustiza, porque aquí se lles dixo moitas veces, a ela en concreto, que o catastrazo non ía afectar nada máis que ao que afectaba basicamente, que era á liquidación do imposto de bens inmobles e de plusvalías. Engade que non llo está recriminando e quere que quede claro, saben ao que se está a referir, que non ía afectar a nada máis, que os veciños non se ían ver afectados por ningún outro tipo de cambio na súa vida diaria, e a ese tipo de cousas era ao que se refería.

Di que claro que afecta, por suposto que si, de 27 euros a 17 euros ao ano multiplicado por m² é moito diñeiro o que ten que pagar unha persoa nun momento determinado para ter unha terraza. Como non vai afectar o catastrazo. Isto o facía non como crítica á fórmula nin á aplicación do relatorio de valores, que é a que teñen e é a que teñen que roer, e non lles queda outra, senón como defensa do que nun momento determinado defenderon todos, ben, todos non, pero si que se defendeu claramente neste concello en contra do tan repudiado catastrazo. Conclúe dicindo que a demostración de que lles afecta é esta.

Don Juan González Leirós contéstalle que o interpretou mal, que o sente e que lle pide desculpas.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que está de acordo. O que se intentou foi regular as terrazas. Aquí as terrazas utilízanse seis meses ao ano, como mínimo, e o que están intentando é que sexa dun xeito moito máis barato do que podían pagar antes, pero que pague todo o mundo. O que están intentando con esta modificación é precisamente iso. Respecto do tema do catastro, está completamente de acordo, esta é unha das cousas nas que si afectaba tamén.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdG-PSOE e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por quince votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi ditaminada pola Comisión Informativa e transcrita anteriormente.

2.4. Modificación da Ordenanza fiscal núm. 9 reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros e da Ordenanza fiscal núm. 15, reguladora da taxa por subministración de auga

Vista a proposta de Alcaldía do día 17 de decembro de 2015, coa modificación introducida polo Sr. alcalde ao punto segundo antes de sometela ao ditame da Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 23 de decembro de 2015, e cuxo texto se transcribe literalmente a continuación:

“Nos últimos anos producíronse reclamacións por parte dos abonados ó servizo de auga, relativas a facturacións de importes moi elevados, como consecuencia de avarías na rede de abastecemento.

Debido aos consumos excesivos por avarías, a facturación se multiplica, xa que as cotas contidas na ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministración de auga son progresivas, penalizando os consumos elevados. Isto afecta, asimismo, á taxa pola rede de sumidoiros que, aínda que a cota é lineal, calcúlase sobre a totalidade dos metros cúbicos consumidos de auga, o que non parece adecuado no caso de avarías xa que aquelas ocorren case sempre no exterior da vivenda, é dicir, nas leiras; polo que non existe vertido algún na rede de sumidoiros. O feito impositivo, polo tanto, non se produce, nin polos servizos de evacuación, nin polo seu tratamento para depuración.

Considerando que, aínda que non corresponde ao concello corrixir hábitos de consumo dentro do ámbito privado, nin velar pola integridade das instalacións particulares de subministración de auga, cando o importe desproporcionado sexa debido a causas obxectivas, alleas á vontade do propietario ou contribuínte, que xustifiquen o exceso e que o mesmo xustifique a adopción de medidas para corrixir a deficiencia e evitar que volvan repetirse situacións similares, a aplicación estrita e literal das tarifas vixentes nestos casos, pugna con principios tales como os de proporcionalidade e equilibrio das prestacións e contraprestacións, que han de rexer no conxunto de relacións xurídicas de servizo público que vinculan Administración e cidadáns.

Co fin de que non se produzan en adiante resultados inxustos e prexudiciais e, tendo en conta os principios de boa fe, proporcionalidade e equilibrio mencionados, a presente proposta persegue que sexa atenuada a facturación nos casos de consumos desorbitados por avarías en instalacións, debidamente xustificadas. Para isto, incluírase un apartado nas dúas ordenanzas afectadas (9 e 15), cun tratamento máis favorable, que consiste en incluír os excesos na cota do epígrafe

anterior ao que lle corresponda, no caso da auga e, calcular o consumo estimado, no caso dos servizos de evacuación e tratamento e depuración. Asimesmo, deberíase aplicar a nova tarifa ás liquidacións pendentes non prescritas relativas a reclamacións por avarías xa resoltas en función da normativa vixente, en tanto sexa mais favorable aos abonados a nova regulación.

O Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sinala nos seus artigos 15 a 19 o procedemento para aprobar e modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais.

O artigo 16.1 do devandito texto legal determina que os acordos de modificación das ordenanzas reflectirán a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación.

Por todo isto, propónse ao Pleno que adopte os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente para o exercicio 2016 e seguintes a modificación do artigo 5 da ordenanza fiscal nº 9 reguladora da Taxa pola Rede de Sumidoiros e dos artigos 5 e 6 da ordenanza fiscal nº 15 reguladora da Taxa por Subministración de Auga, coa seguinte redacción:

Ordenanza fiscal nº 9 reguladora da Taxa pola Rede de Sumidoiros

Artigo 5º. - Cota tributaria.

1. A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización de acometida á rede de sumidoiros esixirase por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de 95,00 euros.

2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos do apartado 1.b) do artigo 2º, determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos consumida polo usuario. A tal efecto, aplicaranse as seguintes tarifas:

2.1. 0,25 euros por metro cúbico, xa sexan de vertidos de auga depurados ou sen depurar, polo servizo de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiros municipal.

A estes efectos, en ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ó mínimo facturable por subministración. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínimo esixible.

2.2. 0,28 euros por metro cúbico de auga consumido, polo servizo de tratamento e depuración de excretas, augas pluviais, negras e residuais.

No caso de que, debido a unha avaría interna da rede, o contador rexistrase un exceso de consumo, o contribuínte debe abonar únicamente a taxa correspondente ao consumo estimado. Para o seu cálculo, terase en conta, sempre que sexa posible e no mesmo orde, un dos seguintes apartados:

- a) Promedio do mesmo período do ano anterior.
- b) Promedio dos meses anteriores.
- c) Outro distinto a determinar según o caso.

Para aplicar esta excepción, ten que tratarse de consumos excesivos producidos ao longo do último ano natural e ter acreditada a involuntariedade das perdas e a ausencia de culpa ou negligencia do usuario, debendo presentar:

- a) Solicitude.
- b) Factura orixinal do fontaneiro ou empresa que efectuou a reparación, na que se faga constar a clase e data da reparación realizada.

3. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos do apartado 1.c) do artigo 2º, determinarase en función dos metros cúbicos de capacidade da cisterna ou depósito móbil dende o que se realice o vertido, aplicándose a tarifa de 0,25 euros por metro cúbico.

A tal efecto, o suxeito pasivo deberá presentar a documentación pertinente relativa ó volume do vertido no momento de solicitar a licenza.

Ordenanza fiscal nº 15 reguladora da Taxa por Subministración de Auga

Artigo 5º. - Beneficios fiscais.

1.- Aplicarase unha bonificación do 100% sobre ó mínimo facturable determinado para os usos domésticos a aqueles contribuíntes cuxos ingresos anuais sexan inferiores ó salario mínimo interprofesional referido a toda a unidade familiar, sempre que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da cota correspondente, segundo informe dos servizos sociais do Concello de Cambre ó respecto. Os excesos facturaranse segundo as tarifas establecidas nos apartados 1.2 e 1.3 dos epígrafes 1.A, 1.B ou 1.C, do artigo seguinte, según corresponda. A bonificación aplicarase por primeira vez na facturación correspondente ao trimestre seguinte á do acordo de aprobación da mesma.

2.- Establécese unha bonificación das cotas para o consumo doméstico da auga potable a aquelas vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o titular da póliza de abono ou o seu cónxuxe, ostente a condición de titular de familia numerosa, sempre que todos os membros estean empadroados na mesma vivenda.

O beneficiario da bonificación terá que ser titular da póliza de abono ó subministro da auga e estar empadroado na vivenda obxecto da bonificación. O número de fillos acreditarase mediante a presentación do carné de familia numerosa.

A bonificación aplicarase por primeira vez na facturación correspondente ao trimestre seguinte á do acordo de aprobación da mesma.

O importe das bonificacións será o seguinte:

a) Os titulares de pólizas de vivendas habitadas por menos de oito persoas, disfrutarán dunha bonificación no prezo dos m3 consumidos no trimestre que superen os 30. Así, nestes casos aplicarase a tarifa 1.B e non a tarifa xeral.

b) Cando a vivenda estea habitada por oito persoas ou máis, disfrutarán dunha bonificación no prezo dos m3 consumidos no trimestre que superen os 30. Nestes casos será de aplicación a tarifa 1.C e non a tarifa xeral.

3. Durante o primeiro trimestre de cada ano, o Concello comprobará que os beneficiarios destas bonificacións seguen a reunir os requisitos necesarios para o disfrute das mesma. Para o cal os beneficiarios deberán presentar, antes do 28 de febreiro, ante o concello, a documentación acreditativa daqueles extremos tanto da súa situación familiar e de convivencia, como económica a 1 de xaneiro do ano en curso, que ocasionaron a súa concesión. De non aportar a xustificación necesaria nese termo, procederase a revocar a bonificación concedida con efectos 1 de xaneiro dese mesmo ano.

Artigo 6º. - Cota tributaria.

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a determinada nas tarifas seguintes:

Epígrafe 1. Usos domésticos:

1.A. Tarifa xeral:

- 1.1. Ata 30 m3 trimestre, a 0,40 euros cada m3.
- 1.2. Máis de 30 e menos de 90 m3 trimestre, excesos a 0,57 euros cada m3.
- 1.3. Máis de 90 m3 trimestre, excesos a 1,09 euros cada m3.

1.B. Tarifa bonificada para titulares de familia numerosa e de pólizas de abono en vivendas, nas que convivan máis de cinco membros ata sete (artigo 5.2.a da presente ordenanza):

- 1.1. Ata 60 m3 trimestre, a 0,40 euros cada m3.
- 1.2. Máis de 60 e menos de 90 m3 trimestre, excesos a 0,57 euros cada m3.
- 1.3. Máis de 90 m3 trimestre, excesos a 1,09 euros cada m3.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1.C. Tarifa bonificada para titulares de pólizas de abono en vivendas nas que convivan oito membros ou máis (artigo 5.2.b da presente ordenanza):

- 1.1. Ata 90 m3 trimestre, a 0,40 euros cada m3.
- 1.2. Máis de 90 e menos de 120 m3 trimestre, excesos a 0,57 euros cada m3.
- 1.3. Máis de 120 m3 trimestre, excesos a 1,09 euros cada m3.

O mínimo facturable por aboado será de 30 m3 trimestre.

Epígrafe 2. Usos non domésticos:

- 2.1. Ata 30 m3 trimestre, a 0,57 euros cada m3.
- 2.2. Entre 30 e 3.000 m3 trimestre, excesos a 0,75 euros cada m3.
- 2.3. Máis de 3.000 m3 trimestre, excesos a 1,06 euros cada m3.

O mínimo facturable por aboado será de 30 m3 trimestre.

Epígrafe 3. Tarifas especiais:

3.1 Cando o aboado sexa unha entidade inscrita no rexistro municipal de asociacións veciñais e a subministración se destine a uso deportivo, cultural ou cívico, ou se trate de unha institución relixiosa que o destine á súa finalidade:

Tódolos m3 a 0,28 euros cada m3 . O mínimo facturable por aboado será de 30 m3 trimestre.

3.2 Cando se trate doutra Entidade Local á que se lle subministre auga procedente do municipio de Carral:

Tódolos m3 a 0,47 euros cada m3 sen mínimo facturable.

Epígrafe 4. Tarifas por avarías:

En caso de que, debido a unha avaría interna na rede, o contador rexistrase un exceso de consumo, facturarase ao abonado a totalidade dos m3 consumidos. Ao consumo que exceda do consumo medio habitual (calculado en función do promedio dos consumos dos tres trimestres inmediatamente anteriores), facturarase según as tarifas correspondentes dos epígrafes 1 e 2, aplicables aos consumos do segundo intervalo (1.2 ou 2.2).

Para aplicar esta excepción, ten que tratarse de consumos excesivos producidos ao longo do último ao natural e ter acreditada a involuntariedade das perdas e a ausencia de culpa ou negligencia do usuario, debendo presentar:

- c) Solicitude.
- d) Factura orixinal do fontaneiro ou empresa que efectuou a reparación, na que se faga constar a clase e data da reparación realizada.

Epígrafe 5. Outras tarifas:

- 5.1. Enganche á rede e primeira contratación do servizo, 100,00 euros.
- 5.2. Formalización de póliza de enganche por cambio de titularidade, 37,00 euros.

Segundo.- A antedita modificación comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa, agás o establecido respecto das avarías internas da rede, que se aplicará con carácter retroactivo ás liquidacións pendentes non prescritas.

Terceiro.- Expoñer ó público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completo da ordenanza fiscal modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio de exposición no *Boletín Oficial da Provincia*. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Cuarto.- Publicar no *Boletín Oficial da Provincia* os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto da ordenanza modificada.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 23 de decembro de 2015, tal e como foi transcrita.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que se trata dunha serie de xente que, ao parecer ou circunstancialmente, puidera ter unha avaría na súa parcela, non se dá conta desa avaría e, entón, nos recibos da auga, ao aumentar os metros cúbicos de consumo, aparécelles un importe desorbitado. O que se trata é dun razoamento, buscar un prezo máis axustado para que non se disparen este tipo de cuestións. Evidentemente, sempre baixo a base da seguridade de que houbo unha rotura e que foi non provocada, por suposto.

Engade que esta proposta xa se presentou tres veces ao pleno, dúas veces á comisión informativa. Había unha serie de dúbidas respecto de quen era o suxeito que tiña que avaliar este tipo de cuestións, dende logo, estíbese de acordo en que non era a empresa concesionaria, por suposto. Fixéronse unha serie de matizacións nese sentido que cre que dan seguridade xurídica ao sistema e que lle atribúen á institución do concello como elemento que debe facer este tipo de operacións. Cre que coas modificacións quedan solucionados os problemas que se expuxeron no seu momento.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que se alegra moito de que esas suxestións que se presentaron nos anteriores plenos foran recollidas, porque a anterior proposta deixaba moitas dúbidas de como tiña que facerse o cálculo, primeiro, da factura e, segundo, se era real ou non era real a avaría. Con isto hai bastante máis seguridade xurídica, é certo, por tanto, cre que se debe poñer isto en marcha e xa verán, porque cre que aínda quedan cousas no aire, pero loxicamente se non se pon en marcha, isto non se soluciona. Polo tanto, o seu grupo cre que se debe de poñer, con estas modificacións, o procedemento en marcha e xa verán o que vai xurdindo e estarán pendentes deste asunto.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, considera que ningún veciño debería de pagar por un consumo de auga no que non haxa ningún proveito e así o pensa dende o primeiro día.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que se alegra de que o Partido Popular estea tan contento e, ademais, o entende, porque se lle deu resposta, ela entende que á moi acertada puntualización, respecto de que non podía ser o concesionario de quen dependa a elaboración do informe.

Pero di que o seu grupo non está tan contento, porque cando se presentou este tema hai dous plenos, se non se equivoca, antes concretamente de que o señor Augusto Rey dimitira, o seu grupo facíase eco do que comentaba o Partido Popular, pero o que tamén dixeron era que non estaban a favor de regular ou legislar calquera tipo de asunto que se atopara inmerso dentro da situación irregular e fraudulenta da ausencia de contrato de subministración de auga en Cambre. E lembrarán que o Sr. Rey, nas comisións informativas anteriores á celebración dese pleno, comprometérase a realizar unha xunta de voceiros para explicarlles o tan asombroso e tan dubidoso tema da auga.

Continúa dicindo que resulta que, ademais, hai outra cousa que aínda é máis curiosa, que na proposta inicial existe un cambio totalmente substancial. A proposta inicial que presentaba o Sr. Rey, eles lle solicitaron que a retirara, e el dicía que non se podía modificar porque a proposta era así e tiña que ser así, que a concesionaria ía

elaborar o informe. Finalmente agora presentan unha proposta diferente, como feita a medida para ser aprobada. Incluso hai dous informes da mesma funcionaria, en cuestión de dous meses, recollendo o procedemento para unha e outra proposta e son dous informes substancialmente contrarios. O que non teñen é un informe xurídico e iso si que o quere deixar como punto importante enriba da mesa. Non hai un informe xurídico e non entende por que nun tema, que ela cre que é un tema moi delicado, non pediron que se pronunciara a Secretaría deste concello, porque por moito que queiran facer pasar este punto como unha modificación puntual para un tema puntual como son as fugas, non o é.

Expón que o tratamento das avarías localizadas na parte propiedade do veciño debe vir establecida no prego de prescricións técnicas, non é imprescindible modificar a ordenanza, porque no prego de prescricións técnicas tamén se fala das avarías nos contadores. Di que está a falar dun prego do ano 1991, se non se equivoca. Repite ano 1991, e esa subministración segue sen contrato, e se van ao prego de prescricións técnicas que no seu día se estableceu para a contratación con Augaservi, nel falase das avarías nos contadores; as avarías dos contadores tamén poden dar lugar a facturas por exceso de consumo e iso non se inclúe na ordenanza.

Tamén pode darse o caso de que nun momento determinado, por un exceso de presión, responsabilidade da propia concesionaria, rebenten os tubos, iso tamén podería ocasionar unha fuga dentro da propiedade dun particular, e iso tampouco se propón como modificación na ordenanza.

Por que non inclúen na ordenanza todas estas cousas? Porque todas esas situacións téñense que regular no prego de prescricións técnicas. Por que non se regulan no prego de prescricións técnicas? Porque non o hai. Por que non o hai? Porque non hai contrato. Por que non hai contrato? Porque non queren contratar. Por que non queren contratar? Non o saben.

E nesta situación están a día de hoxe, pendentes de que alguén explique que pasa. Preguntou hai dous meses, porque non sabía que pasaba, e segue sen saber que pasa, e agora elaboran unha proposta para que estean relativamente contentos, para solucionar 38 expedientes, que entende que efectivamente se teñen que solucionar, pero tense que solucionar iso e tense que solucionar tamén a situación na que se atopan 25000 veciños. Son 38 veciños que teñen expedientes de fuga e son 25000 mil veciños que non teñen nin idea do que están a pagar da auga.

Engade que, para ser máis clara, porque cada vez ten que ser máis clara, pleno a pleno, ademais os que xa a coñecen saben que é bastante mal pensada, chéiralle a corno queimado a necesidade de que a palabra concesionaria apareza nalgún tipo de documento que teña que saír da aprobación deste pleno. Chéiralle bastante mal. Pediríallo ao concelleiro de Obras ou Contratación, o que sucede é que non sabe quen é a día de hoxe concelleiro de Obras ou Contratación, polo que lle solicita ao señor alcalde, que cre que é a santísima trindade neste caso e leva todas esas competencias, que se atreva a dicir aquí en público que empresa a día de hoxe é a concesionaria da auga en Cambre.

E, ademais, falando xa con absoluta propiedade, o Sr. Leirós sabe que o que vai dicir é absolutamente certo, os contratos administrativos de concesión de servizo público son negocios xurídicos de termo esencial e iso quere dicir que o transcurso do prazo do contrato inicialmente previsto o extingue a propia administración. É a administración a que decide canto tempo dura un contrato.

Recomenda tamén aos concelleiros que forman parte desta Corporación que cando teñan un momento libre lean o artigo 157 da Lei de contratos das administracións públicas respecto da responsabilidade que ten cada un dos concelleiros co voto que se emite cando se fala de situacións irregulares ou contratos en precario. Dilles que lean ese artigo, porque quizais moitas veces non son conscientes do peso que teñen os seus votos.

A día de hoxe, e en aplicación dese principio que comentaba do termo esencial, hai un monopolio en Cambre. Por iso dicía que cada vez está sendo máis clara. A día de hoxe, hai unha empresa, que é Augaservi, que fai o

que lle peta, porque aquí ninguén pon medios. Leva caducado ese contrato, se non se equivoca, 91 máis dez, 2001, máis tres de prórroga, 2004, leva once anos caducado, e Augaservi pode facer o que lle dea absolutamente a gana e eles están a pagar non saben que, están a saír millóns de euros do concello sen que nin sequera se lles dea unha explicación, e todo iso é o que está detrás da modificación desta ordenanza.

Segue dicindo que non soamente iso. Ata hai seis meses non era o equipo de goberno responsable, pero dende que se levanta o reparo de Intervención e é o propio Pleno o que autoriza, en contra do ditame do interventor, pagarlle a unha empresa que está en precario, todos aqueles concelleiros que votan a prol de levantar ese reparo, son responsables dese voto.

Por último, e remata, respecto dos expedientes que están pendentes de resolución e que lle preocupan exactamente igual que o demais, sabe que hai prevista a intervención dun veciño. Despois, evidentemente, fálase do tema, pero quería adiantarse respecto dunha frase que aparece nesa intervención que di que algúns grupos están en contra de que se aprobe esta modificación. Non sabe se se refire ao seu, pero dille que non, nin moitísimo menos. Pregunta como van estar en contra de que se regulen as fugas. O que están a pedir é que se regule todo, absolutamente todo.

O concello ten a posibilidade de asesorar ao veciño para que reclame da forma que competa nestas situacións e nestas facturas anómalas. Os veciños de Cambre non están desamparados, se esa é a intención da proposta, ou se lles queren facer ver que os veciños que se atopan nesta situación están desamparados. Di que non. Ningún consumidor nin ningún veciño está desamparado. Hai leis por encima dunha ordenanza, moitísimo máis importantes, que os amparan a todos.

Baseándose niso, dixo tamén naquel pleno, cando pediu esas explicacións que aínda non ten, que calquera modificación, calquera proposta, calquera iniciativa que non partira dunha información clara e precisa, de saber que movementos está a facer o Goberno, que reunións se mantiveron, en que momento se está, como están os pregos, a quen se vai a contratar...

O Sr. alcalde intervén para solicitar á Sra. concelleira que vaia rematando a súa intervención.

Dona M^a Olga Santos López di que xa remata, e engade que ACdC-SON non vai ser responsable co seu voto favorable, todo o contrario, nin sequera se van abster, van votar en contra de calquera proposta que pase por esta absoluta desvergonza, porque esta é a sombra do Concello de Cambre e non soamente teñen que coidar o plan xeral, que si que é moi importante, e non soamente fotografarse nun momento determinado con quen sexa, todos son políticos e están nisto cada un polo que está.

Conclúe dicindo que o actual alcalde foi das persoas que na anterior lexislatura insistía unha e outra vez no tema dos contratos en precario, e o mínimo que o seu grupo necesita é unha explicación e que se retire este asunto, que se presente como se ten que presentar, e que se aprobe como se ten que aprobar.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que cre que esta proposta é favorable para non seguir prexudicando aos veciños afectados polas avarías e que xa levan reclamando varios anos, mais debe pedirle ao Goberno que revise a situación do contrato da actual concesionaria, se é que hai unha, e que solucione esta situación, como acaba de solicitar a compañeira de ACdC-SON. Polo tanto, o voto do seu grupo vai ser abstención.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo vai manter a mesma postura que no pleno anterior, deixar claro que se se tratara dun problema social, apoiaría calquera tipo de axuda dentro da legalidade, pola vía que fose, asuntos sociais, ou outro mecanismo. Pero o que piden é modificar un regulamento baseándose en trinta e oito casos e repite, iso é deixar unha porta aberta á irresponsabilidade e deixamento no mantemento das instalacións.

Explica que cada contador leva dúas chaves de paso, unha anterior ao contador e outra posterior. Polo tanto, unha lectura desmesurada debería preocupar primeiro que a ninguén, ao dono da propiedade. Por outra banda, se se tratara de axudar a unha familia nunha situación económica adversa, a empresa de auga xa ofrece facilidades de pagamento. Envían unha carta, a reenvían, buscan para darche a carta na man. Se vas a oficina, podes negociar un plan de pagamento en varios meses. A empresa comportase ben, segundo lle comentaron moitos veciños; cousa que Emalcsa non perdoa, ou sexa, Emalcsa aos vinte días da falta de pagamento, curta a auga e quédase ás súas anchas. Neste caso, non sucede. Os empregados da empresa da auga saben cando hai un consumo excesivo.

Propón, aínda que sabe que a empresa da auga o fixo en moitos casos, a obriga de comunicar, ben por carta, por escrito, fidedignamente, o feito dun consumo alarmante nun primeiro recibo. Os empregados xa avisan, visitan a propiedade, din que saben que hai un consumo que non é normal, piden que se revise, porque pode tratarse dunha avaría, e avisan que logo chega o recibo e chegan os lamentos. Unha billa goteando gasta máis auga nun día que catro lavadoras e iso dixéronllo empregados de varias empresas de auga, non soamente dunha.

Conclúe dicindo que, se modifican o regulamento, atoparanse casos nos que a xente diga que, como van pagar o mesmo, pois que siga goteando, que xa amañarán a billa. Hai que axudar neses trinta e oito casos, por suposto, de acordo, pero mediante outros mecanismos. Estudar caso a caso de forma individual e atopar solucións. Polo tanto, o voto do seu grupo no que respecta á modificación da ordenanza segue a ser en contra.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós contéstalle á voceira de ACdC-SON, que dixo que era mal pensada, o dixo ela, e el o confirma, é moi mal pensada. Nada ten que ver o contrato da auga con esta situación. Aquí proponse algo moi sinxelo. Trinta e oito señores que teñen unha dificultade e presentan un problema ao concello e preguntan se lles poden atopar unha solución.

O feito de que sexan trinta e oito non significa que non sexa de interese público e social. É de interese público e social se é xusto, sexa un, dous ou corenta. O feito de que unha familia non teña para comer non significa que a debamos abandonar. É igual de xusto que se son cen, duascenas ou dous millóns de familias. Nada ten que ver. Están a falar dunha cousa en concreto. Un exemplo, un señor que ten unha media de consumo de 35 m³. Cóbrase a auga por trimestre, polo tanto, a detección do problema faise cada tres meses, ao mellor, debería facerse cada mes, pero non se fai. Logo hai dous tipos de implicacións: unha, por parte da administración, que non o fai cada mes e dúas, por parte do propietario, que non se dá conta de que a súa instalación interior verte auga. Hai xente que se dá conta que verte auga porque aparece unha humidade no terreo. Hai xente que non se dá conta que verte auga porque esa humidade non se detecta, porque non está.

Quere formular unha cuestión, que para o seu grupo é bastante reivindicativa. Dos trinta e oito casos, vinte e seis están empadroados neste concello, polo tanto, viven. Once, non. Podería ser ao revés e poderían dicir que son uns abandonados, que non veñen á súa casa. Non, viven aí, están empadroados, polo tanto non detectaron a fuga. Do que está a falar é de que un señor que ten un consumo estimado de 35 m³ tería que pagar nese trimestre 25,09 euros. De repente, o señor nun trimestre, que detecta a administración cando van alí e lle din que ten ese consumo, resulta que ten un consumo de 299 m³ de auga, iso suponlle pagar 376,16 euros nese trimestre.

Preguntan se poden facer trampa, pois claro, todo o mundo pode facer trampa ante a lei, pero para iso está a administración, para ser correcta, e aínda así, nalgún caso, sucederá, pero é así. Bárcenas, meteuna ao PP, di que o sinte, e aí está, a pesar de ter moitos máis controis. Esta proposta o que significa é que en vez de pagar 376,16 euros, ese veciño pague 191,61 euros e lembra que tería que ter pagado aproximadamente 30 euros. Esa é a cuestión que están avaliando aquí. Non hai que transcender este tema, non ten máis transcendencia que a

que ten e é trinta e oito señores que están a pagar un exceso porque houbo unha fuga no seu terreo. Iso é do que se trata.

Por suposto, dille aos concelleiros do BNG, que claro que hai que acometer o tema da auga, claro que sabe que está irregularmente, claro que hai que buscar unha solución e claro que ten que ser inmediata. Pasaron seis meses, tiveron unhas circunstancias que non permitiron tratar o asunto. Volve a pedir un pouco de tempo e tratarán este tema, porque para o seu grupo é fundamental, de feito o señor alcalde reivindicouno á Corporación anterior vinte mil veces, e a eles as promesas non se lles esquecen por agora, se cadra de agora en diante, si. Por agora, non se esqueceron.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que hai dúas cousas. Está de acordo en que hai moitos contratos que están en precario, xa o sabe, pero non ten nada que ver co que se presenta hoxe ao pleno, son dúas cousas totalmente distintas. Para o seu grupo é unha prioridade no ano 2016 licitar o máximo posible dos contratos que están en precario. Esa é unha prioridade e dio publicamente, vaise traballar no ano 2016 para licitar os máximos posibles. Oxalá que poidan ser todos. Respecto da información do contrato da auga, di que lles dará a información, están a traballar niso, Emalcsa está a abrir a man, xa verán ata onde. Unha vez teñan claro cal é a oferta que poden ter por parte de Emalcsa, como tiveron co tema da Edar-Bens, informará a todos os concelleiros e a todos os veciños e veciñas de Cambre de cal é a situación e decidirán entre todos cal é a mellor situación para o contrato da auga. Dilles que non dubiden de que así será.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López di que quere contestar ao señor Leirós, e manifesta que si, xa o dixo ela, é certo que é moi mal pensada, pero tamén a chamaron mal pensada cando o do catastrazo e acaba de demostrar que efectivamente é mal pensada, pero con base nos datos e iso tamén llo vai demostrar, se non, xa se verá.

Non sabe porque o señor concelleiro se empeña en explicarlle o que é unha fuga. Sabe perfectamente o que é unha fuga. Sabe perfectamente que un veciño, que non reside, non a detecta. O que non sabe é por que non contesta ás preguntas que lle fai e iso é algo bastante prexudicial, porque entón, o señor concelleiro fai o seu monólogo, ela fai o seu monólogo, ela fai as súas preguntas e o señor concelleiro segue igual e volve a explicarlle o que é unha fuga. Ela sabe perfectamente en que consiste unha fuga. Este tema aparentemente é un tema sinxelo e non o é, pero para aclarar a situación, volve a explicarlle o que é unha fuga.

Continúa preguntando por que motivo non se incorpora un informe xurídico a esta proposta de modificación de ordenanza. Vaise legislar, porque é unha ordenanza, terá maior o menor envergadura, pero vaise legislar sobre a modificación dun aspecto que afecta directa ou indirectamente a un servizo que non está contratado, cando se están a realizar pagamentos do Concello de Cambre contrarios ao informe de Intervención. Necesítase un informe xurídico e, ao mellor, con ese informe xurídico resulta que concretamente nesta modificación da ordenanza, igual en vez de votar en contra, o seu grupo chega a absterse.

Non se presenta un informe xurídico, os dous informes que hai da técnica din cousas diferentes, di unha cousa cando estaba o señor Rey e di outra cousa diferente cando estaba o señor Leirós, e é tan diferente que no primeiro fala da concesionaria como entidade que ten que xustificar a responsabilidade da avaría. Cando lle preguntou ao Sr. Patiño tampouco lle contestou, a ver se se atreve a dicir a día de hoxe quen é a concesionaria, porque no regulamento faise mención a unha concesionaria que non existe, e o Sr. Patiño tampouco se atreveu a dicilo.

Conclúe dicindo que non lle contestan e que lle volven explicar o que é unha fuga. Seguramente agora na contrarréplica lle volven explicar onde están os contadores e cales son as fugas, pero non estaría de máis que lle contestaran ás preguntas.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que o feito de que non lle conteste o que ela desexa recibir, non quere dicir que non lle conteste, soamente quere dicir que hai unha falta de entendemento. El contéstalle ao que ela pregunta. Non hai informe xurídico porque a cabeza visible do sector xurídico deste concello é a secretaria, nin é o concelleiro de Urbanismo, nin é, incluso, o alcalde, é a secretaria. E a secretaria, a ela transmitiullo, díxolle que non é necesario informe xurídico, que neste tipo de asuntos o informe é o do interventor, polo tanto, se a cabeza xurídica deste concello di que non é necesario informe xurídico para este tipo de asuntos, el cre que deben de crela, porque ela é a cabeza fundamental deste tema.

Polo tanto, despois de que a señora concelleira lle preguntara por que non se emitía informe xurídico, el, por suposto, foi xunto á cabeza xurídica e preguntoulle se hai que emitir informe xurídico, por suposto, non se lle ocorre escondelo e a que é a maior verdade neste concello que é a secretaria dixo que non é necesario, o informe xurídico é o do interventor. Hai informe do interventor, polo tanto, dá por feito que é o informe xurídico. Se lle enganaran aqueles asesores que teñen, quedara enganado, pero esta é a cuestión pola cal non hai informe xurídico, non é que non haxa, é que o hai, o hai, pero non da secretaria.

O Sr. alcalde solicita que se manteña a orde, e engade que está a secretaria municipal presente e que se lle vale que lle diga a secretaria que é o que pasa co informe xurídico, o seu grupo non ten nada que ocultar.

Concedida a palabra á secretaria municipal manifesta que en principio o informe xurídico soamente sería necesario nos asuntos que requiren unha maioría absoluta, e este non é o caso. O informe de control e fiscalización recolle todo, é dicir, ten que referirse a todo. En calquera acto que supoña unha cuestión de tipo económico, o informe de fiscalización refírese a todo, por iso non é necesario o informe xurídico neste caso. Aínda así, non ten problema en dicir que subscribe o informe de control e fiscalización emitido pola Intervención municipal ao respecto, iso sen prexuízo de que haxa que regular, loxicamente, dado o tempo transcorrido, todas estas cuestións, en tanto e canto, se é un tema conxuntural e o equipo de goberno o considera de interese xeral non hai ningún problema dende o punto de vista xurídico.

Conclúe reiterando que está de acordo co informe emitido de control e fiscalización, e, como xa dixo, calquera acto que supoña calquera cuestión de tipo económico sempre ten que ter o informe de fiscalización e control da Intervención municipal, que implica todo, e que ten que fiscalizar todo, tanto dende o punto de vista legal como económico.

A continuación, o Sr. alcalde manifesta que, antes da votación, segundo o establecido no Regulamento orgánico municipal, hai un veciño que solicitou en tempo e forma facer unha intervención no pleno. Explica que ten quince minutos máximo para facer a súa exposición e logo, sen réplica, efectuarase a votación.

Concedida a palabra a don Manuel José López Rivas agradece a oportunidade que se lle dá para poder defender a súa causa porque é un dos veciños afectados pola avaría dos tubos.

Explica que todos os trimestres paga unha media de 60 euros, ten un consumo aproximado de 30 a 35 m³ normalmente. Di que cal foi a súa sorpresa, para responderlle á concelleira de C's, que dicía que avisan, que a el cando lle avisaron, debeu ser ao final do trimestre, que lle dixeron que estaba a ter un consumo desmesurado de auga. El respondeulles que era imposible, que non tiña ningunha rotura. Vive nunha casa e díxeronlle ía en mil euros de consumo. Non sabe que representan mil euros para todo o mundo, para el representa moito e levouse un susto. Presentouse en Augaservi, e un empregado estivo na súa propiedade e viu onde estaba a rotura. Na casa non tiña ningunha rotura, pero no xardín ten un tubo e era nun cóbado nunha esquina, iso no mes de marzo ou abril, que estaba chovendo, e non detectou a rotura. Non é que teña abandonada a casa, pero cando avisan xa é tarde.

Continúa explicando que fixo un escrito ao concello, aos que estaban no Goberno naquel momento, que era o Partido Popular, e a resposta foi que se lle enviou unha factura por Augaservi, el non entende dos trámites, deses

1.100 euros, e dixéronlle dende Augaservi e fontes próximas que non se preocupara. Pasan dous anos e el estaba moi tranquilo, pensaba que isto estaba solucionado, cando tivo unha notificación da concelleira de Economía e Facenda, que cre que era a señora Marta, dicindo que segundo a lei ten que pagar. É casualidade que isto se resolvera unha semana despois de que foran as eleccións. El entende que é un marrón, primeiro que lle queda aos veciños, e segundo para os que veñen detrás, porque el dixo que ía armar ruído e os que o coñecen tamén o saben.

Entón pregunta que sucede, que 605 m³ de auga representa moito diñeiro, e cre que debería pagalo polo prezo de custo. El en todo momento sempre dixo que non quere facer pagar a ningún veciño nada da súa avaría, é unha cousa que tivo el, esa desgraza, pero non é igual que se interprete que hai un consumo intencionado, como se enchera unha piscina, que non ten, por certo, para que non queden dúbidas. Isto foi no mes de marzo ou abril, como foi neste caso, que foi un accidente.

Agradece ao equipo de goberno a sensibilidade que tivo con estes trinta e oito casos, e que intentara modificalo e amañalo. El non se mete nos contratos. Entende que ten que ser así e debe ser así, pero a modificación a el represéntalle 500 euros menos, e aos veciños de Cambre non lles vai supoñer ningún gasto, porque el asume o seu consumo deses 605 m³. Como isto vai por baremos de consumo, pois se consumes de 0 a 30 metros pagas, cre que son, 40 céntimos; de 30 a 90 metros, 57 e de 90 a 600 ou o que exceda, 2,09, co que se vai multiplicando todo.

Solicita ao equipo de goberno que á parte de pagar ese mínimo a 0,40, que se teña tamén en conta que a factura da auga ten varias partes, ten unha parte que pertence ao eido municipal, hai unha parte da rede de sumidoiros pola que normalmente el paga 7,50 euros e neste caso pasa a pagar 151 euros, unha rede de sumidoiros que non se utilizou, porque a auga foise pola parcela. Entende que é unha fórmula para poder facturar, que hai que ter algunha e esta é en función dos metros que se consuma. Por isto tamén pide se poden cobrar o mínimo, e nese caso, como non hai taxas, ver a media que ten durante quince anos que leva aí vivindo e leva consumindo 7 euros ou 8 euros de rede de sumidoiros, non 150. Di que tamén iso se poida amañar.

Respecto da parte da factura de Augas de Galicia que é o canon da auga, tamén o cobran con distintos baremos. El ten que pagarlle á Xunta 241 euros. Solicita o asesoramento xurídico por parte do Concello, xa que se prestou a axudar a eses trinta e oito casos. Porque di que, claro, é moi fácil gobernar, hai unhas normas, cínguense a elas e aplican a norma, pero para iso non se necesita un concelleiro, ponse unha máquina na entrada da casa do concello, pónense todos os supostos casos que poida haber, os veciños teclean e ven se teñen razón ou non. Pero evidentemente cando se lle vota a un político é para solucionar os problemas e isto non lle parece a maneira de solucionarlos.

El levou un susto, porque lle pasaron a factura, e como lle dixeran que non se preocupara, cando volveu aparecer á semana seguinte das eleccións, a el quedoulle cara de parvo. Viu unha resposta diferente dende o equipo de goberno que, por certo, naquel momento o concelleiro que o levaba era Augusto Rey e xa lle dixo que se intentaría que se cobrara o mínimo, aínda que había problemas. Insiste en que non está pedindo que ninguén lle pague un metro do seu consumo, pero evidentemente di que non é igual que te traten como se foras unha persoa que desbalda auga.

Entende que hai que ter distintos baremos, porque a auga é un ben escaso, aínda que en Galicia, por sorte, non sucede iso, pero foi unha avaría, un accidente. Neste caso, se están en contra, están tratando igual a unha persoa que consume eses 600 m³ para encher unha piscina que a unha persoa que tivo un accidente, como neste caso. Dilles que estarán de acordo en que non deben de ter o mesmo tratamento.

E se non existe normativa sobre o caso, haberá que inventala ou creala, porque trátase de defender aos veciños, e ademais cando se está nunha entidade local na que hai unha proximidade e na que se coñecen e falan todos. Coa Xunta é diferente, por iso solicita o apoio xurídico do concello para eses trinta e oito casos, ou polo menos



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

que se investigue primeiro, porque el está a falar del, non sabe respecto dos outros. Pide que se investigue, e nos casos que realmente sexa razoable que sexa unha avaría, que poidan ir todos xuntos para solicitar a supresión do canon da Xunta, aínda que sabe que é difícil, pero polo menos intentalo.

Conclúe dicindo que agradece a oportunidade de poder falar e ter a sensibilidade para atender estes casos.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros de UxC e os tres concelleiros presentes do PSdG-PSOE. Votan en contra os dous concelleiros de ACdC-SON e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os seis concelleiros do PP e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por oito votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi ditaminada pola Comisión Informativa e transcrita anteriormente.

2.5. Modificación da Ordenanza fiscal núm. 4 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras

Vista a proposta de Alcaldía do día 17 de decembro de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“O obxecto da presente modificación é facilitar a xestión do imposto sobre construcións ao incluír un anexo para o cálculo da base imponible do mesmo, así como rebaixar o tipo de gravame do 3,4 ao 3 por cento.

O Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sinala nos seus artigos 15 a 19 o procedemento para aprobar e modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais.

O artigo 16.1 do devandito texto legal determina que os acordos de modificación das ordenanzas reflectirán a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación.

Por todo isto, propónse ao Pleno que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación dos artigos 3 e 5 da ordenanza fiscal nº 4 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, quedando redactados do seguinte xeito :

Ordenanza fiscal nº 4 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Artigo 3º. - Base imponible, cota e devengo.

(...)

3. O tipo de gravame será do 3 por cento para tódalas construcións, instalacións e obras que se realicen, agás aquelas realizadas polas entidades inscritas no rexistro municipal de asociacións veciñais ou non tratándose de tales asociacións, aquelas nas que o orzamento da obra non supere 1.200,00 euros, as cales tributarán por cota cero.

(...)

Artigo 5º. - Xestión.

1. Cando se solicite a licenza preceptiva ou cando, non téndose solicitado, concedido ou denegado aínda dita licenza preceptiva, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base imponible polos técnicos municipais en función dos prezos medios de execución material contidos no Anexo desta Ordenanza, sempre que o importe do orzamento presentado polos interesados sexa inferior ao resultante da aplicación do mesmo.

(...)

ANEXO Á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

1.- OBRA MENOR:

Relación de prezos medios de execución material definida polos servizos técnicos municipais achegada á presente ordenanza.

	Uds.	Descrición	Euros
1.- DEMOLICIÓNS			
1,1	m3	Demolición de muro de carga de ladrillo macizo, retirada de escombros, incluído apeos de forxado e pp de ferramentas, elementos auxiliares e seguridade	18,14
1,2	m3	Demolición de muro de formigón en masa de espesor variable con martelo rompedor e compresor de aire, con retirada de escombros e carga, segundo NTE/ADD-13	42,44
1,3	m3	Demolición de muro de cachotaría de espesor variable con martelo rompedor e compresor de aire, con retirada de escombros e carga, segundo NTE/ADD-13	38
1,4	Ud	Levantamento de carpintería, i/marcos, follas e accesorios, con retirada de escombros e carga, segundo NTE/ADD-18	6,53
1,5	m2	Demolición manual de tabique de fábrica de ladrillo con retirada de escombros e carga, segundo NTE/ADD-9	4,36
1,6	m2	Demolición manual de tabique de fábrica de ladrillo a 1/2 pé con retirada de escombros e carga, segundo NTE/ADD-9	7,25
1,7	m2	Demolición de pavimento de baldosa con martelo rompedor e compresor de aire, retirada de escombros, segundo NTE/ADD-10	6,58
1,8	m2	Picado de azulexado con retirada de escombros	8,7
1,9	m3	Demolición manual de soleira de formigón en masa con retirada de escombros e carga, segundo NTE/ADD-19	94,28
1,1	m2	Picado de recebo de cemento en paramentos verticais, retirada de escombros e carga	9
2.- MOVEMENTO DE TERRAS			
2,1	m3	Escavación de gabias en terreos compactos con medios manuais, segundo NTE/ADZ-4-6	46,2
2,2	m3	Escavación de gabias en terreos compactos con pala retroscavadora, i/axuda manual nas zonas de difícil acceso, limpeza e extracción de restos, segundo NTE/ADZ-4-6	11
2,3	M3	Escavación en gabias para canalizacións exteriores en terreos compactos, con pala retroscavadora, i/axuda manual, limpeza e extracción de restos, carga e transporte de sobrantes a vertedoiro autorizado	5
2,4	m3	Recheo de gabias con terras propias, segundo NTE/ADZ-12	8,55
2,5	m3	Recheo de gabias con terras de préstamo, segundo NTE/ADZ-12	26,95
2,6	m3	Carga de terras con pala retrocargadora sobre camión	2,94
2,7	m3	Terraplén compactado con solo seleccionado procedente de préstamo a pé de obra, i/estendido, rego, compactación e refino de noiros, segundo NTE/ADE-5	11,04
3.- CERRAMENTOS			
3,1	M.L.	Cerramento de arame	6
3,2	M.L.	Cerramento de tea	25
3,3	M2	Cerramento de zócalo	60
3,4	M.L.	Cerramento de zócalo + tea (0.60 + 1.20)	85
3,5	M.L.	Cerramento de cachotaría + enreixado	190
3,6	M.L.	Colocación de columna para contador da luz	190
4.- CUBERTAS			
4,1	m2	Desmontaxe de cuberta de placas onduladas de fibrocemento, i/demolición de cumieiras, limas e encontros, retirada de escombros e carga, segundo NTE/ADD-3	7,35
4,2	m2	Desmontaxe de cuberta de tella, i/demolición de cumieiras, limas e encontros, retirada de escombros e carga, segundo NTE/ADD-3	8,11
4,3	m2	Desmontaxe de cuberta de placas de lousa, i/demolición de cumieiras, limas e encontros, retirada de escombros e carga, segundo NTE/ADD-3	7,5
4,4	m2	Cuberta de placas de fibrocemento de onda grande, colocada sobre correas, i/pp de solapes e recortes, s/NTE-QTF	23
4,5	m2	Cuberta de tellas cerámicas, i/pp de roturas e solapes, s/NTE-QTT	31,74
4,6	m2	Lousa inclinada de formigón HA-25/P/20 de central armado con aceiro B-400S, i/encofrado, vibrado, curado e desencofrado, segundo EHE	80
4,7	m2	Cuberta de lousa en pezas de primeira calidade, i/pp de recortes, s/NTE/QTP	35
4,8	m	Canlón de PVC, colocado con adhesivo, i/pp de gafas de PVC e accesorios	17
5.- ALBANELERÍA			
5,1	m2	Azulexado de paramentos interiores con azulexo	34,48
5,2	m2	Azulexado de paramentos interiores con azulexo monococción	26,94
5,3	m2	Pavimento de baldosas de terrazo de grao mediano	35
5,4	m2	Recebo maestreado, fratasado e brunido de paramentos verticais interiores	15
5,5	m2	Recebo maestreado, fratasado e brunido de paramentos verticais exteriores	15,5
5,6	m3	Estrutura de formigón prefabricado en piares, xáccenas e vigas	452,5
5,7	m2	Soleira para instalacións de formigón, estendido sobre terreo limpo e compactado	20,32
5,8	m2	Soleira drenante	21,09
5,9	m2	Fábrica de bloque oco de formigón vibrocomprimido split antihumidade	45,47
5,1	m2	Dobre fábrica de ladrillo cerámico	23,09



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

5,11	m2	Cerramento formado por fábrica de ladrillo oco dobre	39,7
5,12	m3	Formigón de central armado en muros de contención	245,5
5,13	m3	Cachotaría careada de granito silvestre	175,6
5,14	m2	Fábrica de pedra natural en taco a xunta seca	95,5
5,15	m2	Fábrica de pedra natural en taco cunha cara vista, encintada con morteiro	92,5
5,16	m2	Fábrica de cantaría de granito albero	175
5,17	m2	Estrutura metálica electrosoldada en naves con cuberta	65,9
5,18	m2	Estrutura metálica electrosoldada en edificios	58,5
5,19	m2	Forxado unidireccional de semiviguetas armadas e bovedillas cerámica	43,95
5,2	m2	Forxado unidireccional de semiviguetas armadas e bovedillas de formigón	43,95
5,21	m2	Lousa horizontal de formigón de máis de 25 cm de espesor	95,23
5,22	m2	Lousa horizontal de formigón de menos de 25 cm de espesor	80,07
5,23	m2	Estrutura de formigón prefabricado de edificio industrial	52,75
5,24	m2	Estrutura de formigón HA-30/P/20 de central armado	73,67
5,25	m3	Formigón de central HA-25	120,44
5,26	m2	Muro de bloque gris	23,75
6.- PINTURAS			
6,1	m2	Revestimento de paramentos verticais interiores con pintura plástica	5,94
6,2	m2	Revestimento de paramentos verticais exteriores con pintura plástica impermeable	8,64
7.- GALPÓNS			
7,1	M.2	Galpón de bloque ou ladrillo	190
7,2	M.2	Galpón de madeira	81
8.- CARPINTERIA			
8,1	UD.	Porta de entrada	350
8,2	UD.	Porta interior	180
8,3	UD.	Ventá ou dobre ventá	188,09
8,4	UD.	Velux	300
8,5	M.2	Cerramento de balcóns e terrazas (galería)	155
8,6	M.2	Rexa de seguridade en portas e ventás	51,4
8,7	M.2	Portal	150
9.- FONTANERÍA E SANEAMENTO			
9,1	UD.	Inst. de fontanería e saneamento de aseos	220,5
9,2	UD.	Inst. de fontanería e saneamento de baños	350
9,3	UD.	Inst. de fontanería e saneamento en cocifias	350
9,4	UD.	Lavabo incluído conxunto de billas	166,2
9,5	UD.	Inodoro incluído conxunto de billas	158,7
9,6	UD.	Bidé incluído conxunto de billas	141,62
9,7	UD.	Bañeira incluído conxunto de billas	159,4
10.- ELECTRICIDADE			
10,1	UD.	Instalación eléctrica	1.500,00
11.- CALEFACCIÓN			
11,1	UD.	Instalación de calefacción	3.100,00
12.- POZOS			
12,1	UD.	Pozo de barrena	1.300,00
12,2	UD.	Pozo artesiano	1.700,00
13.- FOSA SÉPTICA			
13,1	UD.	Fosa séptica e pozo filtrante	1.205,00
14.- PISCINAS			
14,1	M.2.	Piscina completa (>1.500.000 Ptas./Ud)	451,14
15.- PISTAS			
15,1	M.2.	Pista deportiva	50,42
15,2	M.2.	Beirarrúas	38,37
16.- VARIOS			
16,1	M2	Cartel / Valla publicitaria	90
16,2	UD	Antena parabólica	340



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2. - OBRA MAIOR: Relación de prezos medios de execución material:

- Vivenda exenta unifamiliar: 637 €/m2 construído
- Vivenda acaroada unifamiliar: 610 €/m2 construído
- Vivenda plurifamiliar: 564 €/m2 construído.
- Vivenda V.P.O.-A: 500 €/m2 construído.
- Trasteiros, porches, terrazas abertas: 171 €/m2 construído.
- Local libre en p. baixa/garaxe-aparcamento:288 €/m2 construído.
- Naves industriais e talleres: 307 €/m2 construído.
- Terciario de oficinas e servizos: 512 €/m2. construído.
- Centro comercial en edificio exclusivo: 610 €/m2. construído.
- Local comercial e industria-escaparate: 430 €/m2. construído

3. -Actualización: Estes baremos serán incrementados anualmente en canto se publiquen no Boletín Oficial do Estado as actualizacións correspondentes ás Vivendas de Protección Oficial (VPO).

Segundo.- A antedita modificación comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Terceiro.- Expoñer ó público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completo da ordenanza fiscal modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio de exposición no *Boletín Oficial da Provincia*. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto lexislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Quinto.- Publicar no *Boletín Oficial da Provincia* os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto da ordenanza modificada."

A Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 23 de decembro de 2015, ditaminou favorablemente a proposta transcrita, coa corrección efectuada no Anexo I da ordenanza, alínea 14 – Piscinas, onde debe dicir:

14,1	M.2.	Piscina completa (>9.015,18 €/Ud)	451,14
------	------	-----------------------------------	--------

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, expón que ata o de agora no sistema de cobro o que había era unha base impositiva que era o orzamento da obra. Ese orzamento multiplicábase por un coeficiente e iso era o que daba a taxa. Esa base impositiva a practicaba normalmente o propietario que presentaba o orzamento, co que cada propietario presentaba un orzamento. O concello, que ten a potestade de facer unha nova valoración sobre ese orzamento, normalmente non o facía porque non tiña técnicos suficientes para iso, levaba demasiado tempo.

Explica que do que se trata é de coller unha base de prezos de mercado e aplicar ás superficies que se van construír, co que todo o mundo pagará igual en canto a esa base, porque haberá o mesmo orzamento, e a partir dese orzamento formular o coeficiente para aplicación da base impositiva. Hai unha modificación, báixase en catro décimas o coeficiente previsto ata o de agora, porque buscando na contorna, en Cambre tiñan o maior coeficiente de toda a comarca, co cal baixouse e aplicouse a taxa sobre iso. En realidade, a proposta da ordenanza é unha proposta funcional, para que funcione mellor a administración e con maior rapidez e axilidade no cobro.

Concedida a palabra a dona Rocío Vila Díaz, concelleira do PP, manifesta que se lles fixo chegar como documentación para as comisións informativas a modificación dos artigos 3 e 5 da ordenanza fiscal. No citado artigo 5, amplíase cun anexo a ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, que é unha copia literal, como ben dixo no seu momento nas comisións, do Concello de Oleiros. Tanto é así que se pode comprobar como aparece unha partida, en concreto a 14, que é de piscinas, onde os parámetros de medidas veñen en pesetas. Estando a prol do corta e pega segundo que casos, o seu grupo agradecería que este tipo de erros, polo menos, se corrixan.

Este mesmo corta e pega viu que tamén o facían en Sada, tomaron os valores de Oleiros, pódese comprobar que as descrições dos conceptos son iguais. Non obstante, en Sada os servizos técnicos municipais estudaron a relación de prezos medios de execución material, e ela entende que adaptaron á idiosincrasia do seu concello eses prezos. Di que ao seu grupo teríalle gustado que para o Concello de Cambre fixeran igual, porque entende que son veciños de Oleiros, pero entende que á nosa idiosincrasia é diferente.

Tamén lle tería gustado, xa que tomaron como exemplo ao Concello de Oleiros, que tomaran outros exemplos, como Arteixo, onde os conceptos que se expresan nos anexos ela entende que están un pouco máis claros para os veciños. No concepto de Oleiros, pódese ver, e pon un exemplo, cuberta de tella cerámicas e pp. de roturas e solapes, segundo nt. Entende que iso, se calquera veciños, unha vez que se aprobe, o le, pódelle xerar certa confusión. Xa que elixiron exemplos, tiñan, por exemplo, o de Arteixo, no que se fala de cubrición con tella. Cre que estarían moito máis claros eses conceptos que aparecen no anexo, un pouco máis concisos, máis claros para calquera veciño que non entende de termos técnicos.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo considera que a modificación da ordenanza será positiva para todos os veciños de Cambre, evitando así a discrecionalidade á que daba lugar a normativa vixente.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo saúdan esta iniciativa porque entenden que o modelo anterior era algo total e absolutamente dado e aberto á picaresca máis absoluta, e realmente amosaba un desleixamento, xa non só recadador por parte da administración municipal, senón dalgunha maneira vixiante e corrector do que debe ser o concello dende un punto de vista, non só urbanístico, senón tamén estético, paisaxístico, de relación directa co medio ambiente, unha preocupación moi recorrente no grupo municipal ao que pertence, o Bloque Nacionalista Galego.

Di que, saudando a iniciativa, parécelle unha iniciativa modernizadora por parte da administración local, necesaria e que resulta desas cousas que dixo, e pregúntase como é posible que aínda non estivera en marcha nun concello como Cambre, e houbera ese outro método que relatou na súa intervención inicial o señor Leirós.

Non obstante, di que o seu grupo ten unha serie de cuestións coas que non está moi de acordo. Haberá que ver como funciona, poderase someter, quizais, a un tempo de avaliación, pero parécelle excesivo o tema dunha antena parabólica, eses 340 euros. E xa non se trata de que lle pareza excesivo ou non, senón que lle parece que ningunha persoa que instale unha antena parabólica vai pagar, aínda que teña que realizar incluso unha obra, porque se igual foran 50 euros, cóllese e págase, pero 340 euros non os vai pagar ninguén. Di que xa se ven con voos fotográficos, detectando pratos de antenas parabólicas.

Incluso para o seu grupo é unha preocupación grande, e pode parecer de boas a primeiras contraditorio, el é do Bloque de toda a vida, e considera que un muro de bloque gris, un muro de bloque de toda a vida, quizais non é o mellor cerramento a día de hoxe dende un punto de vista estético, de calidade, etc. Que iso teña un gravame moito máis barato dá a entender que, dalgunha maneira, o que se fai é facilitar ese tipo de cerramento en vez

doutros que son esteticamente máis acordes coa tradición, coa paisaxe e co que debe ser un concello, dende un punto de vista urbanístico e paisaxístico, máis presentable. Porque entenden que esta proposta de ordenanza fiscal é unha ordenanza fiscal, pero baseándose nos números que se poñen nela, pódese incidir tamén no punto de vista paisaxístico e urbanístico, para ter un concello máis bonito, sobre todo no que ten que ver coas construcións de vivendas unifamiliares, etc.

O grupo do BNG está en desacordo con parte do articulado desta ordenanza, desas taxas, pero considera que está comezando a lexislatura e seguro que, antes de que remate, se poderá dar unha volta as taxas para primar, xa di, a construción de calidade, para primar tamén non soamente a calidade construtiva, senón tamén a estética e paisaxística. Remata a dicir que o voto do seu grupo vai a ser a abstención.

Concedida a palabra a dona M^a José Garcia Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo considera que era necesaria esta proposta e o seu voto vai a ser a prol.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que o seu grupo pode admitir todas as consideracións que se queiran, por iso roga que dado que estes asuntos se formulan na xunta de voceiros que se celebra quince días antes ou unha semana antes, que todas estas cuestións se presenten nesa semana, que se poden corrixir certas cousas. Certamente, entende que ningunha ordenanza é unha marabilla, as ordenanzas son para poñerse a funcionar. Non obstante, quere dicirlle ao señor Carballada que as ordenanzas estéticas son algo que se plasmarán no seu lugar e as ordenanzas fiscais son algo que se plasman no seu lugar.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que está total e absolutamente de acordo en que, loxicamente, cada ordenanza ten a súa funcionalidade, pero hai unha relación innegable, é dicir, aquí está unha ordenanza fiscal que regula unha serie de construcións, e é innegable que se está gravando de maneira máis grande o cerramento con ferro forxado ou con lousa do país ou a cubrición dos tellados con tella que, por exemplo, con uralita ou fibrocemento ou os peches con bloque. Iso vai ter unha consecuencia indirecta estética, e o Sr. Leirós, como gobernante, non é que o deba saber e que o sabe de sobra. Por iso lle di que isto ten unha vertente, por así dicilo, estética, patrimonial tamén, igual que moitas veces, cando se fala de deportes, o deporte repercute na saúde, ou cando se fala de cuestións de educación, ou no ámbito cultural, por exemplo, tocan de pasada áreas de servizos sociais, todo está loxicamente interconectado. Recolle a crítica do Sr. Leirós de non ter realizado estas suxestións con anterioridade e, en tal caso, o seu grupo saúda esta proposta e facilita coa súa abstención que vaia para adiante, como non podía ser doutra maneira.

Don Juan González Leirós di que, por buscar o consenso, está de acordo co Sr. Carballada.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que o que non é lóxico é que, por exemplo, agora digan que van aprobar esta ordenanza fiscal, que favorece indirectamente o uso do peche de bloques, porque están nunha ordenanza fiscal, e todos están de acordo en que o peche de bloques é algo máis modesto, algo máis humilde, e que logo, dentro dun mes, se aprobe unha ordenanza con carácter estético e patrimonial e que se faga nela un desconto a quen peche, por exemplo, con ferro forxado. É simplemente esa cuestión, que el cre que está a funcionar ben o goberno municipal, en liñas xerais, neste aspecto.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el tamén se suma á proposta respecto das propostas, que si se poden facer nas comisións informativas, para incluílas xa directamente nas ordenanzas, levarán todos algo ganado. Explica que non é unha crítica, senón que moitas veces non se dan conta disto e é verdade, a última semana antes do pleno danse conta.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdG-PSOE e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por quince votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi ditaminada pola Comisión Informativa e transcrita anteriormente.

2.6. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2015. Expediente número 7/2015

Vista a proposta de Alcaldía do día 17 de decembro de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores e de importe total de 1.597,02 euros.

O principio de anualidade queda recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

No relativo aos gastos o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración.

Visto que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar ós créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (Artigo 60.2 Real decreto 500/90: “Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...”).

Por tanto, atopámonos con gastos realizados que se teñen que aboar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración e, co recoñecemento extraxudicial de créditos, se posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicariáanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, por aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente número 7/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2015 por importe de 1.597,02 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACION SOCIAL	IMPORTE
F/2015/1625	22/01/2015	V15096621	CLUB ESCUELA DE TENIS MARINEDA	1.300,00
F/2015/4538	07/09/2015	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	5,02
F/2015/4539	07/09/2015	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	124,11
F/2015/4540	07/09/2015	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	32,45
F/2015/4541	07/09/2015	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	13,43
F/2015/4542	07/09/2015	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	18,95
F/2015/4543	07/09/2015	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	69,16
F/2015/4545	07/09/2015	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	33,90
			TOTAL	1.597,02€

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 23 de decembro de 2015.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que aínda que isto é unha práctica habitual, o de trasladar facturas dun ano para outro, haberá que facer algún esforzo para que non sexa habitual e para que se aproben as facturas no ano, pero o feito é que é habitual e que normalmente se presentan ao pleno e se adoitan aprobar porque pagar hai que pagar o que se debe.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que lle sorprende, porque cando el gobernaba, o grupo de UxC dicíalle que isto non debía ser unha práctica habitual, pero agora, parece ser que se converte nunha práctica habitual. Isto sucede porque hai moitos provedores do concello que presentan as súas facturas tarde, pero como dixo nas comisións e o repite, entende que unha factura presentada en setembro de 2015 se pague en decembro de 2015, ou vaia a ser aprobada en decembro, pero o que non ten desculpa é que haxa facturas do 22 de xaneiro de 2015. Iso, alguén non está a facer ben o seu traballo.

Di que ten razón o Sr. Leirós, non se debe converter en algo habitual, pero certo é que hai veces, e iso botábanllo na cara con frecuencia, sobre todo o grupo de UxC, que non queda máis remedio que presentalas ao pleno para ser aprobadas polos grupos. Conclúe dicindo que o voto do seu grupo, loxicamente, como non pode ser doutra maneira para que eses provedores cobren, vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo votará favorablemente.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que o voto do seu grupo é a favor.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que, despois do papelón no tema da auga que tivo o goberno anterior, agora chegar ata o momento ao seu punto e á súa hora, en fin, é dicir, congratúlase de que todos os problemas respecto desta temática sexan estes. Dende o seu grupo votarán a favor e, na medida do posible, haberá que traballar para que en exercicios e momentos sucesivos sexan aínda menos facturas e de menor contía.

Concedida a palabra a dona M^a José Garcia Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o voto do seu grupo será a favor e solicita que non se tarde tanto en aboar este tipo de facturas, de cantidades moi pequenas como a subministración de medicamentos de emerxencia social, uns 300 euros. Tardar nove meses en pagar, parécelle moito tempo. Gustaríalle que tomaran nota disto.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que está de acordo co Sr. Carballada neste tema. O que dixo é que é habitual, pero procurarán que non sexa habitual. En segundo lugar, non é correcto, non vai dicir que non é certo, pero non é correcto que a factura leve dende xaneiro sen pagarse. Dille ao Sr. Rivas que el estaba en xuño; xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio, xuño, seis meses, polo tanto, seis meses corresponderíanlle ao PP, ao seu grupo corresponderíanlle outros seis. Pero quere dicirlles que nin ao PP nin a UxC lle corresponden os seis meses, correspóndenlles aos señores que están sen cobrar e que non entregan a xustificación, e iso é algo que ou os collen e lles dan a volta e os votan abaixo, ou non hai maneira. O problema é da empresa que pensou na xustificación en novembro.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que se necesitan algunha explicación por parte do interventor, o interventor está aquí para dicirlle por que estas facturas se presentan agora e non antes. Non poden imputar a culpa de que non se lles pague a este goberno nin ao goberno do Partido Popular no seu caso, senón que foi porque se presentaron mal. UxC na lexislatura pasada, o Sr. Leirós non estaba, el si estaba, do que falaba era das facturas que os concelleiros presentaban ao pleno sen que foran vistas polos técnicos municipais, eran nas que o seu grupo non estaba de acordo. Repite que se o necesitan, que o interventor aclara este tema.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.7. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta presentada pola Alcaldía. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira de C's, integrante do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da proposta presentada.

Ratificación da resolución de Alcaldía de designación de representante do Concello de Cambre no Consello de Administración da sociedade Edar Bens, S.A.

Vista a proposta da Alcaldía do día 23 de novembro de 2015, que consta do seguinte teor literal:

“Con data de hoxe, 23 de decembro de 2015, ditei a Resolución núm. 2308 que consta do teor literal seguinte:

“O pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 16 de setembro de 2015, acordou nomear representante do Concello de Cambre nos órganos de representación da sociedade EDAR BENS S.A. a don Augusto Rey Moreno, concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos.

O pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de data 23 de novembro de 2015, tomou coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro presentada por don Augusto Rey Moreno, mediante escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/10395 o día 17 de novembro de 2015.

Con data 19 de decembro de 2015 rexistrouse de entrada ao núm. 0/11542, escrito presentado por don Augusto Rey Moreno no que solicita que, logo dos trámites que procedan, lle sexa aceptada a súa renuncia ao cargo de representante do Concello de Cambre nos órganos de representación (membro do Consello de Administración) da sociedade EDAR BENS S.A., dando traslado ao pleno municipal de tal decisión.

Con data de onte, 22 de decembro de 2015, asistín en representación do Concello de Cambre á reunión do Consello de Administración da sociedade EDAR BENS S.A., debendo asistir no día de hoxe, á reunión da Xunta Xeral convocada para as 12:00 horas.

Tendo en conta que corresponde á Xunta Xeral a designación e o artigo 17, alínea segunda dos estatutos da EDAR DE BENS S.A. establece que: “... Cando por razón dunha vacante anticipadamente producida a xunta xeral designe a un novo conselleiro, o nomeamento entenderase efectuado polo período pendente de cumprir por aquel cuxa vacante se cubre.”

Como consecuencia da vacante producida pola renuncia de don Augusto Rey Moreno, e co fin de que no día de hoxe se poida proceder pola Xunta Xeral á designación dun novo conselleiro, **RESOLVO:**

Nomear a don Juan González Leirós representante do Concello de Cambre no Consello de Administración da sociedade EDAR BENS S.A., dando traslado da presente resolución á dirección da sociedade para os efectos oportunos.”

En aplicación do disposto nos artigos 41.c) do Regulamento orgánico municipal e artigo 22.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, respecto do nomeamento dos representantes da Corporación nos órganos colexiados

que sexan competencia do Pleno, e os acordos relativos á participación en órganos supramunicipais, propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 2308/2015, do 23 de decembro, pola que se nomeou a don Juan González Leirós representante do Concello de Cambre no Consello de Administración da sociedade EDAR BENS S.A.

Segundo: Dar traslado do presente acordo á dirección da sociedade para os efectos oportunos.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 23 de decembro de 2015.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por dezasete votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.”

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

De acordo co previsto no artigo 125.4 do Regulamento orgánico municipal, sométese a votación ordinaria a proposta de debate da declaración presentada polos grupos que integran a Corporación. Votan a prol do debate os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou debater a declaración institucional presentada.

Declaración institucional respecto da loita contra a avespa asiática

Consta do seguinte teor literal:

“Resulta evidente e tamén preocupante a situación que está a producir o asentamento e a proliferación da avespa asiática (Vespa Velutina) en Galicia, afectando tanto á apicultura, como a outras actividades económicas, como a fruticultura ou a explotación forestal, e mesmo provocando incidentes de seguridade cidadá. Durante este verán tense constatado unha forte presenza desta praga no noso concello. De feito, segundo datos oficiais do Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil de Cambre, o noso territorio atópase incluído no grupo de concellos onde a detección de niños de velutina supera as 170 unidades neste 2015.

A Asociación Galega de Apicultores (AGA) é a asociación que, dalgunha maneira, está levando a batuta, dende a sociedade civil, na loita contra a avespa asiática. Sendo ademais, o dos abelleiros, quizais o colectivo máis afectado pola presenza desta especie exótica. Este colectivo propón unha serie de medidas que relatamos a continuación:

1º Reiterar á Xunta de Galicia a solicitude dunha urxente xuntanza entre representantes da Consellería de Medio Rural, e dos concellos afectados, para debater sobre as medidas presentes e futuras para o control da avespa asiática.

2º Realizar nesa xuntanza as seguintes propostas de cara a combater a praga e mellorar a xestión do seu control:

- Rectificar o protocolo de actuación elaborado pola Xunta de Galicia, de forma que se volva ao seu contido orixinal, e que se indique que a eliminación e retirada dos niños ten que ser nos momentos de menos actividade da avespa (amencer e anoitecer).
- Asemade, o protocolo debe ter como obxectivo final a erradicación da praga, así como asegurar que as medidas que se tomen sexan ambientalmente sustentables, e que se saliente de forma explícita a necesaria colaboración entre

administracións.

- No caso que a empresa pública Tragsa siga a ser a encargada da retirada dos niños, esta terá que dispor dun horario de traballo axeitado ás necesidades reais, con persoal que realice estes labores ao amencer ou ao anoitecer.
- Reducir a burocracia no proceso de comunicación de niños, de forma que o servizo responsable (012) dea respostas claras ás persoas comunicadoras.
- Cumprir o prazo máximo, tal e como indica o protocolo, para a retirada dos niños comunicados ao 012.
- Solicitar á Xunta informes periódicos sobre os efectos da praga (nº de niños detectados, nº de niños retirados, concellos afectados, nº de picadas atendidas no SERGAS, sectores afectados: apicultura, fruticultura, explotación forestal...).
- Incrementar as axudas á apicultura, con máis dotación xeral, e coa inclusión de subvencións para o traslado das colmeas a outras áreas libres da praga, ou mesmo compensación por perda de colmeas.
- Procurar outras fontes de financiamento para facer fronte ao incremento de custos por mor desta praga. Proponse que a Xunta dedique fondos comunitarios, nomeadamente do novo período do FEADER, para a loita e o control da avésa asiática.
- Desenvolver campañas divulgativas xerais, de cara a informar á cidadanía, así como para a detección temperá de niños na primavera. Proponse mesmo anuncios en prensa e TV.
- Centrar a loita por medio de actuacións preventivas, co reparto aos abelleiros de trampas, tanto con atraentes para a captura de fundadoras, como con feromonas para a captura de machos. Nomeadamente proponse que a Consellería achegue para a vindeira primavera e para o outono 4.000 novas trampas e 64.000 doses de atraentes, tanto nas áreas afectadas como nas súas proximidades. En todo caso as trampas non se deberían empregar durante o verán e o inverno para non capturar outro tipo de polinizadores.
- Promover, durante o verán, a protección dos apiarios e das hortas de froiteiras con cebos de substancias, coma os antieparatizantes de baixa toxicidade, que faciliten a inviabilidade dos niños.
- Dotar aos concellos de financiamento, medios e formación (individualmente ou de forma comarcal) para retirar aqueles niños que, principalmente no verán, xeren problemas de seguridade cidadá. En todo caso os equipos de actuación terán que ter medios e formación, e contar co apoio técnico dos abelleiros, e se propón empregar o gas sulfuroso ou vapor de auga no canto de insecticidas.
- Establecer un programa de seguimento e avaliación das medidas preventivas indicadas, de cara a valorar a súa eficacia.
- Promover a investigación do control da praga, sobre todo no eido das trampas e do control preventivo (por exemplo cebos selectivos). Esa investigación debe facerse en colaboración entre a Xunta e as Universidades, e procurar ter acceso a fontes de financiamento comunitario.

Tendo en conta todo o anterior e considerando que as medidas adoptadas ata o de agora pola Consellería son claramente insuficientes e que se precisa unha maior implicación, tamén doutras administracións (incluído, naturalmente, o Concello de Cambre) a Corporación Municipal de Cambre propón os seguintes ACORDOS:

Primeiro: O Concello de Cambre adhírese e fai súas ás peticións manifestadas por AGA (Asociación Galega de Apicultores) que se especifican no texto desta moción.

Segundo: O Concello de Cambre dará traslado do presente acordo á Consellería de Medio Rural, aos concellos que forman o actual Consorcio das Mariñas e á Deputación da Coruña.

Terceiro: O Concello de Cambre tentará actuar dende o propio Concello. Isto pode levarse a cabo de varios xeitos; reclamando a quen corresponda (Xunta e Deputación, principalmente) o envío dos medios materiais e o asesoramento necesarios para poder dar resposta a este problema. Outra opción que non debemos descartar é que o propio concello, en vista do panorama que se presenta, asuma parte dos custes que se deriven destas intervencións. Máis aló dos temas competenciais está o deber de actuar perante unha situación que se presenta preocupante.

Cuarto: Instar á realización dunha avaliación da extensión da súa presenza e distribución no territorio galego e do eventual impacto na mortalidade de abellas e na desaparición de colmeas.

Quinto: Establecer, en colaboración cos e coas apicultoras, un plan de actuación para mitigar a súa incidencia no sector apícola e paliar as eventuais perdas, así como o establecemento de medidas para evitar a súa proliferación na liña das recomendadas por expertos tales como a instalación de trampas de captura, destruír os niños antes da saída das raíñas,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

eliminación de niños, e calquera outra que se considere oportuno, estudando as medidas que se impulsaron noutros lugares nos que tamén se produciu esta problemática e no que os resultados producidos sexan máis positivos.”

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo por suposto o seu apoio a esta cuestión. Recalcar a súa importancia e traer o río á auga do pleno de hai meses onde o seu grupo presentou unha cuestión parecida e esta, respecto do plumacho ou herba da pampa, cando o Sr. Leirós lles dixo que non lle constaba que en Cambre había plumacho ou herba da pampa. Di que como eles son bos non fixeron máis sangue do tema, o alcalde aplicou estritamente o regulamento e espera que tres meses despois ao Sr. Leirós xa lle conste que en Cambre hai plumacho ou herba da pampa, que é un tema preocupante, como este tamén, o dunha especie invasora, a vespa velutina. Din sempre que o primeiro paso para solucionar un problema é recoñecelo, e o están a facer hoxe coa vespa velutina, agarda que tamén se faga, e cre que así se está facendo de feito, co tema do plumacho ou herba da pampa.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que sabe recoñecer cando non coñece unha cousa, pero escoita, polo tanto, si, xa sabe cal é o tema do plumacho e ademais xa o goberno municipal tomou medidas para poder tratalo.

O Sr. alcalde engade que no que vai de ano lévanse quitados cento setenta e un niños por parte de Protección Civil, que ás veces están a vinte ou trinta metros de altura, facendo algo que non lles corresponde e que lle corresponde á Xunta de Galicia, que é no que todos están de acordo con esta declaración institucional. Agradece a colaboración de todos os grupos municipais.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración institucional tal e como foi transcrita.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Moción do grupo municipal de ACdC-SON en defensa dos servizos sociais municipais

Rexistrada de entrada ao núm. 0/11674 o día 24 de decembro de 2015, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“A aprobación da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local supuxo o maior ataque á autonomía local e á capacidade de xestión dos concellos de todo o período democrático, así como un intento concreto de eliminar e destruír os servizos sociais municipais. Un ataque que se resume nunha limitación das competencias municipais, nun intento de control político das corporacións locais e nun intervencionismo sen precedentes no mundo municipal por parte do Estado e as CCAA.

Esta lei, lonxe de avanzar na solución dos problemas endémicos das corporacións locais centrados no recoñecemento da capacidade de xestión e no insuficiente financiamento, non fai mais que afondar en ambos, exhibindo un concepto de

concello que se afasta do modelo constitucional, considerándoo como mero colaborador subordinado a outras administracións territoriais.

No que respecta ás competencias municipais, elimina gran parte das posibilidades de actuación dos concellos, dado que por unha banda restrinxe as competencias propias municipais sobre todo en materia de acción social, educación e sanidade, e por outro limita case por completo a capacidade para o desenvolvemento de competencias fóra das expresamente recoñecidas (as chamadas competencias impropias) tales como mocidade, consumo, fomento empresarial ou cooperación ao desenvolvemento.

Pero ademais de suscitar un amplo rexeitamento político e social, esta lei foi obxecto de numerosos recursos de inconstitucionalidade, pendentes todos eles de resolución, interpostos por máis de 3.000 concellos que representan a máis de 15 millóns de habitantes utilizando o mecanismo de impugnación previsto na Lei orgánica do Tribunal Constitucional baixo a denominación de conflito en defensa da autonomía local, polas Comunidades Autónomas de Andalucía, Asturias e Cataluña, así como pola inmensa maioría da oposición parlamentaria, PSOE e PSC, Izquierda Plural (IUCV-CHA), CiU, (UPyD), ERC, BNG, Coalición Canaria-Nova Canarias, e Compromís-Equo. Estes mesmos grupos políticos comprometéronse á derogación da referida lei na vindeira lexislatura.

Na actualidade a incerteza e preocupación polos efectos nocivos desta lei céntranse nos servizos sociais nos concellos. A nova redacción do artigo 25.2.e da Lei 7/1985, do 2 de abril, LRRL sobre as competencias dos concellos, e especificamente dos servizos sociais, sinala que a única competencia propia dos concellos neste ámbito será:

"a avaliación e información de situacións de necesidade e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social".

E unha vez baleirado de contido o artigo 28 da mesma lei, establece no novo artigo 27 que:

"a Administración do Estado e das CCAA poderán delegar nos concellos, entre outras, a prestación dos servizos sociais."

Polo tanto os concellos deixamos de ter competencias na prestación destes servizos básicos aínda que moitos deles as seguimos prestando, sen delegación da propia CCAA e asumindo a meirande parte do seu financiamento.

A propia Lei 27/2013, establece na súa Disposición transitoria segunda respecto da asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas a servizos sociais:

"Con data 31 de decembro de 2015, as comunidades autónomas asumirán a titularidade das competencias que se prevían como propias do concello, relativas á prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social. As comunidades autónomas asumirán a titularidade destas competencias, con independencia de que o seu exercicio se veña realizando por concellos, deputacións provinciais ou entidades equivalentes, ou calquera outra entidade local.

Se na data citada as comunidades autónomas non tiveran asumido o desenvolvemento dos servizos da súa competencia prestados polos concellos, ou no seu caso, non tiveran acordado a súa delegación, os servizos seguirán prestándose polo concello con cargo á Comunidade Autónoma."

Esta disposición superada en parte pola moratoria do Goberno central e as leis de adaptación das CCAA, mantén a incerteza e inseguridade respecto dos servizos sociais dos municipios, afectando aos traballadores e traballadoras así como aos usuarios dos servizos, e sobre todo ignoran claramente a necesidade de afrontar de forma urxente o financiamento deses servizos básicos xa que seguen sendo competencia das CCAA, pero prestándose polos concellos, sen que exista delegación e sen o financiamento necesario. É dicir, algo cambia para que todo siga igual, mantendo un sistema precario, moi debilitado e recortado, ademais de facernos depender das convocatorias anuais de subvencións, moi limitadas e condicionadas á vontade do Goberno dese momento.

Recentemente a Asemblea da FEMP aprobou unha resolución esixindo a ampliación do período transitorio de entrada en vigor da lei, e dende o Consello Xeral e os Colexios Oficiais de Traballo Social continúa esixindo a supresión da lei polo impacto negativo que vai producir na vida cotiá de miles de persoas. O Goberno de Rajoy non atendeu ningunha destas solicitudes.

Segundo o Consello Xeral de Traballo Social, a Asociación de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais ou as Plataformas en defensa dos servizos sociais, de aplicarse o calendario previsto, a prohibición de que as entidades locais sigan prestando numerosos servizos sociais e a imposibilidade das comunidades autónomas de asumilos, unida a unha situación de inmovilismo, podería provocar a nivel estatal facer perigar os 3.000 millóns de euros investidos nestas políticas sociais tan necesarias actualmente, e que se sumarían aos máis de 5.000 millóns que xa recortaron ás Administracións Públicas nesta materia nos últimos anos.

Só a atención á dependencia e servizos de promoción social que deixan de considerarse competencias propias dos municipios supoñen 2.348,5 millóns de euros anuais, e o gasto que realizan os municipios con menos de 20.000 habitantes é de 993,4 millóns de euros.

Constátase a necesidade dos servizos sociais de proximidade prestados polos concellos tendo en conta os datos de pobreza severa que se manteñen no noso país no noso concello.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de Asemblea Cidadá de Cambre propón ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a garantir a continuidade dos servizos sociais municipais, así como a súa xestión polos concellos, a partir do 1 de xaneiro de 2016 cun financiamento adecuado.

Segundo: Remitir o presente acordo á Presidencia do Goberno de España, á Presidencia e á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia."

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que o seu grupo no hai moito foi equipo de goberno no Concello de Cambre, e puido comprobar en primeira persoa cales son os efectos limitadores que a Lei de racionalidade e sustentabilidade das entidades locais ten para quen estea gobernando un municipio como Cambre, sobre todo, para os que teñen máis de 20.000 habitantes. Comprobárono tanto orzamentariamente como na súa intención de querer prestar algúns servizos. Polo tanto, a moción que presenta o grupo de ACdC-SON parécelle unha moción acertada á cal quere facerlle unha serie de puntualizacións.

En primeiro lugar, di que a Lei de bases do réxime local non incluía o anticipo a conta do pagamento anticipado das comunidades autónomas do financiamento que lles correspondía, polo que, as entidades locais cobraban esas cantidades que tiñan que ser asumidas pola comunidade autónoma con atraso, incluso en moitos casos víronse obrigados a anticipar esas cantidades. Agora, co artigo 116 da Lei de sustentabilidade da administración local, á hora de xustificar eses custos efectivos vai supoñer a moitos concellos ter que deixar de prestar esas competencias que non lle sexan propias ou non sexan exercidas por delegación. Se isto non fora así e se asumira realmente ese financiamento, a situación de precariedade nas administracións locais non tería por que producirse.

Por outra banda, tamén cre que a Lei de sustentabilidade produce situacións de desequilibrio entre os diferentes concellos. Hai que ter en conta que hai concellos que é certo que teñen un superávit orzamentario, pero que logo teñen un deficiente ou mellorable nivel de prestación dos servizos á poboación, e esta lei o que fai é consolidalos na súa posición, e iso cre que non é bo, sobre todo, pensando nun concello como o de Cambre.

Por outro lado, hai que ter en conta que hai municipios que si que son activos e que teñen un gasto social moito máis amplo, e que aínda non tendo superávit, dan unha maior calidade de vida aos seus cidadáns, pero que o fan nun contorno de racionalidade, como foi tradicional no concello de Cambre, que tanto orzamentariamente como na prestación dos servizos actuou de forma xa tradicional, non di o goberno do PP, senón tamén con anterioridade, con bastante racionalidade no gasto. Estes concellos verán diminuído o seu financiamento cando as subvencións das comunidades autónomas ás entidades locais non se fagan efectivas, verán diminuído ese financiamento e atoparanse na necesidade de deixar de prestar eses servizos, ou que estes continúen a ser prioritarios. Cre, ademais, que a moción debería incluír a petición ao Estado de regular, darlle prioridade a unha

regulación dunha lei de financiamento autonómico e local para que se faga realmente efectiva e cunhas garantías de sustentabilidade.

Continúa dicindo que, unha vez feitas estas apreciacións, e en relación co texto da moción de ACdC-SON, gustaría lle facer unha apreciación, que na moción dáse un concepto de concello que se aparta do modelo constitucional e que se define como un mero colaborador subordinado a outras administracións territoriais. O seu grupo quere lembrar que, a pesar de que non lle gusta a Lei de sustentabilidade, esta dítase dentro dun marco competencial que está recollido no artigo 149 da Constitución, e que o propio Consello de Estado dixo que se é verdade que pode supoñer unha diminución da autonomía municipal, non considera que a propia lei e as competencias que regula poidan resultar inconstitucionais.

De todas as maneiras, di que haberá que esperar a que o propio Tribunal Constitucional se pronuncie de cara aos recursos que interpuxeron numerosos concellos e alcaldes. Ata o de agora o que dixo o Tribunal Constitucional é que a autonomía local é un poder limitado que non se pode opoñer ao principio de unidade estatal. Esta doutrina reiterouse por outras sentenzas posteriores e está tamén recollida na Carta Europea da Autonomía Local de 1985, que tamén se ratificou por España. Polo tanto, a Constitución non precisa nin determina un número mínimo de competencias que o lexislador deba atribuír aos entes locais, senón que o que di é que ha de garantirse por parte do lexislador unha soleira mínima, polo que a afirmación que se fai na moción sobre a constitucionalidade do tratamento que fai a lei aos concellos non lle parece correcta, polo menos ata que o propio Tribunal Constitucional se pronuncie e resolva os recursos presentados.

Por outra banda, polo que se refire á regulación que fai a Lei de medidas urxentes para a adaptación en Galicia da lei de 2013, a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída competencia exclusiva en materia de réxime local de conformidade co establecido no artigo 27 do Estatuto de autonomía. Con todo isto, e estando, repite, a prol da moción, a Lei de sustentabilidade non lle parece unha lei que se adapte á realidade social dos concellos.

Na Comisión Xeral de Comunidades Autónomas do Senado, o propio goberno central anunciou a necesidade de impulsar que as comunidades autónomas deleguen as súas competencias de servizos sociais ás corporacións locais. Agora mesmo as competencias de servizos sociais están a asumilas os concellos e o seu grupo cre e confía en que se van seguir asumindo. En canto ao traspaso de competencias sobre servizos sociais establecido na reforma local, supéditase a ese novo sistema de financiamento autonómico e local, polo tanto, seguirán sendo prestados polos concellos tal e como establece a memoria explicativa que dita o goberno central.

Conclúe dicindo que tamén a propia Lei 5/2014, da Xunta de Galicia, establece esa mesma moratoria na súa disposición adicional cuarta. Galicia foi das primeiras comunidades autónomas que decidiu incluír nas disposicións adicionais a moratoria, precisamente coa finalidade de que os concellos non perdan as competencias en servizos sociais. Polo tanto, baseándose nestas consideracións e coa súa total confianza de que os servizos sociais son e seguirán sendo competencia municipal, porque así o esixe o sentido común, o voto do seu grupo vai a ser a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que fai a intervención ademais en homenaxe ao Sr. Leirós, porque como lle vai demostrar, outra vez máis, neste pleno ser tan mal pensado ao final non é tan malo, porque estalle dando a razón co tema da Lei de sustentabilidade. Levan pelexando con esta lei durante toda a lexislatura pasada, con mocións, con rogos, con preguntas, e aquí estaba sentado o Sr. Andreu, e o que chegaba a saír por aquela boca consta nas actas, e quen queira tenas á súa disposición. Agora a señora concelleira dona Marta M^a Vázquez Golpe di que non lle gusta esa lei, e por iso dixo antes que ser tan mal pensado ao final non está vindo nada mal.

Di que por clarificar, e por completar o que vai supoñer a entrada en vigor pasado mañá destas modificacións nos servizos sociais, e será moi breve, en atención a todos os presentes, quere sinalar que sucederán determinadas cousas. Prevé a redución de determinado número de concelleiros electos, o que só conseguiría que os veciños

cada vez estean menos representados e que a fenda entre eles e o concello cada vez sexa máis grande. Poténcianse as deputacións, poténciase un organismo que non é elixido polos veciños. As deputacións non as elixen os veciños. O papel dos concellos vaise ver relegado simplemente a cemiterios, augas, vertidos, é dicir, mero labor administrativo, quedando eliminado, mutilado, o labor político. Trátase de subordinar o poder local, ao estatal, ao autonómico.

Esta lei vai impedir que dende o concello se poidan exercer competencias en materias que ao goberno lle resultan incómodas e non quere que queden nas súas mans. Como sempre, e ultimamente púxose moito de moda empregar termos que dean lugar a confusión, agora váiselles chamar competencias impropias. Impropias quere dicir que non son propias e se non son propias son alleas, e se son alleas, é que non son deles.

Continúa dicindo que a maldade desta lei está fundamentalmente no tema dos servizos sociais. Son servizos que necesariamente teñen que ser próximos para o veciño e para a veciña, porque se non, vólvense ineficaces. Necesariamente se ten que estar próximo á persoa que necesita dos servizos sociais. É tremendamente cruel, porque supón que se baleiren os servizos municipais, sobre todo, no medio rural. En Cambre hai moito núcleo rural. Nos núcleos máis rurais garáteselles a auga, recollida de lixo e pouco máis, pero os servizos que máis unen a este núcleo co territorio central, por dicilo dalgún xeito, non quedan garantidos nin recollidos. Non necesariamente hai que facilitar escola, gardería, nin axuda a domicilio, nin atención a discapacitados. A lei busca que o feito de vivir no medio rural te deixe totalmente excluído e te converta nun cidadán de segunda. Esta é a realidade desa lei.

Ela pregúntase quen vai pagar o custo desta lei. Nin quen a ideou nin que a fabricou. Van pagar os de sempre, os que sufriron e o sufrirán en termos de cohesión social, marxinação, sufrimento e carencia dos de sempre. Tampouco é certo o argumento que se escoita moitas veces sobre que esta lei de centralización dos servizos sociais contribúe á estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Só sería certo este argumento se fose xunto coa palabra privatización, porque nese caso, si que efectivamente se acadaría a estabilidade orzamentaria, pero non pola vía da eficiencia do uso, senón recortando servizos ao cidadán. Conclúe dicindo que basicamente, busca reducir o gasto público local ante as esixencias que os observadores internacionais lle foron facendo ao goberno central.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria dá conta dos seguintes asuntos:

- Do escrito rexistrado ao núm. 0/11320 o día 15 de decembro de 2015, presentado pola concelleira dona Josefa Vázquez Soto, coa conformidade do voceiro do PSdeG-PSOE, no que declara que trala toma de posesión do seu cargo de concelleira, que tivo lugar o día 14 de decembro de 2015, manifesta a súa vontade de quedar integrada dentro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, do cal é voceiro titular don Juan E. Rodríguez Vázquez e voceira suplente dona M^a Jesús Gómez González.

- Da Resolución de Alcaldía núm. 2195/2015, do 14 de decembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: A Xunta de Goberno Local queda integrada polos concelleiros que a continuación se relacionan, que exercerán á súa vez como tenentes de alcalde na orde de nomeamento que igualmente se indica:

- 1º Don Juan González Leiros
- 2º Dona Elisa Pestonit Barreiros
- 3º Don Ramón Boga Moscoso
- 4º Dona María Dolores Blanca García Fernández

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 58 do ROM, notifíquese aos catro concelleiros interesados, publíquese no BOP e déase conta na primeira sesión do pleno que teña lugar.

O nomeamento requirirá para ser eficaz a súa aceptación. Enténdese que hai aceptación tácita do nomeamento se, no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o/a concelleiro/a non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta a designación.

Terceiro: Faise constar que esta Alcaldía asume a dirección da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos e o exercicio das competencias relacionadas coas materias atribuídas a ela segundo a Resolución da Alcaldía número 1107/2015, do 23 de xuño.”

4.2. Rogos

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/11681 o día 26 de decembro de 2015.

1º Entre os servizos que todos os municipios deberán prestar, por si ou asociados, en todo caso, conforme co previsto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atópase a limpeza viaria, o acceso aos núcleos de poboación e a pavimentación de vías públicas. Polo que se refire á limpeza das vías públicas, o propio Concello de Cambre conta cunha Ordenanza de limpeza viaria e ornato público, do 18 de novembro de 2005 (BOP da Coruña núm. 271, do 26 de novembro de 2005) que regula, entre outros asuntos, a limpeza de espazos públicos como a rede viaria pública, tanto de tránsito rodado como peonil; atribúese ao Concello de Cambre o exercicio do control da limpeza daqueles espazos de responsabilidade dos particulares, aos que incluso pode obrigar a realizala, e establece un procedemento administrativo sancionador para aqueles casos que prevé a propia norma.

Sobre esta base son numerosos os veciños que nos dirixiron as súas queixas polo estado no que se atopan algunhas beirarrúas do noso municipio, cubertas de verdello, e que na época de inverno na que nos atopamos, convértese en sumamente perigosa para os peóns.

Entre elas atópanse, a modo de exemplo, as existentes no cruzamento de Brexo-Lema cara a Santa María de Vigo pola marxe dereita, as que dende o mesmo cruzamento se dirixen cara a Bribes, igualmente pola marxe dereita; e as existentes no Mesón Vasco ata a rotonda dos Campóns.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular interésase que polo equipo de goberno se adopten as medidas pertinentes para erradicar o verdello existente en lugares nos que, como os indicados, fan perigar o tránsito peonil dos nosos veciños e transeúntes.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da área de Urbanismo e Medio Ambiente, manifesta que xa se deron as instrucións á empresa de limpeza para que faga as inspeccións neses dous puntos concretos e, ademais, que o faga no resto do municipio e que o vindeiro ano o procure facer no mes de outubro e non en decembro.

Don Manuel María Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, di que o problema é que a marxe que ten cara ao norte, que cubre a maleza e tapa a beirarrúa xera eses verdellos, entón, a atención principal debe ser nas marxes nas que a maleza está a cubrir a beirarrúa, o que produce ese verdello, que co paso do tempo vai crecendo e crecendo, e chega un momento no que é francamente perigoso o tránsito por esas beirarrúas.

Don Juan González Leirós manifesta que non cabe dúbida que é así.

2º Dentro das competencias municipais de promoción económica do municipio, ten sido tradicional o apoio do noso concello ás campañas de promoción do comercio local, sobre todo en épocas de crise como a actual na que toda axuda é pouca e sempre é ben recibida polos empresarios para o mellor desenvolvemento das súas actividades, a creación de riqueza e o mantemento, cando non a creación, de postos de traballo.

Fronte á importancia de tales axudas, teñen sido numerosas as queixas recibidas dende este importante sector local pola supresión e eliminación inxustificada, dende o noso concello, máis evidente tanto na campaña de verán como na campaña do Nadal (isto é, nas de máis vendas do ano), da plataforma dixital “Ti Fas Cambre”. Plataforma que acadaba a máis de 10.000 persoas cada semana, con máis de 200 empresas interactuando e con publicacións de ofertas todos os días. Supresión e eliminación que choca máis aínda se temos en conta que a súa continuidade estaba, o pasado mes de maio, en pleno proceso de contratación; faltando unicamente a súa adxudicación a algunha das empresas concorrentes.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se solicite do equipo de goberno que informe sobre o particular; informe que deberá ser comprensivo da solución que pretende darse á petición de seguir contando coa mencionada plataforma dixital, causas de que a día de hoxe non se teña contratado, e polo tanto non se teña podido contar coa súa axuda por parte de comerciantes e usuarios, e prazos da súa posta en marcha no suposto de que se pretenda restablecer a plataforma.

O Sr. alcalde contesta que é unha cuestión de política. O PP fixo unha política e fixo unha aposta por un tema comercial con “Ti Fas Cambre” e este goberno fai unha aposta totalmente distinta que se vai duplicar se seguiran co tema de “Ti Fas Cambre”. Trátase dunha guía de empresas, un censo real e actualizado de todas as empresas que hai en Cambre. Esa guía terá ademais un soporte na páxina web e un soporte en smartphones, para que a xente dende os seus teléfonos poida saber cales son as empresas que teñen en Cambre, incluso dirixirse a elas se non coñecen o termo municipal de Cambre.

Como falaban antes, “Ti Fas Cambre” levaba 36 meses, non levaba máis, sen ningún tipo de contratación. Vendo que se producía unha duplicidade e non tendo, repite, non tendo, como alcalde ningunha denuncia, como se di aquí, ou referencia a queixas por parte de moitos comerciantes, el persoalmente non a ten e gustaríalle que llas pasen para falar con eles tamén e explicarlles directamente cal é o proxecto deste goberno, decidiuse deixar de traballar coa empresa que realizaba “Ti Fas Cambre”, porque a partir deste ano comezarán a traballar nunha nova guía de empresas que estará a disposición, dependendo tamén dos orzamentos, no primeiro trimestre do ano.

Dona Marta Mª Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que entende que o criterio do grupo de goberno sexa outra política de promoción económica, outra plataforma, outra guía dixital, outra guía de empresa, o que o Sr. alcalde queira chamarlle, iso enténdeo. Non pretende, nin ningún compañeiro do seu grupo municipal pretende, que a política de promoción económica do novo goberno teña que ser continuista, e tamén entende as razóns que o Sr. alcalde lle queira dar, que non lle gusta a plataforma, que quere cambiar ou que quere mellorar incluso este aspecto. Iso o entende, o que non entende é que habendo un procedemento de contratación en marcha dende hai un ano xa, que está en contratación a data do día de hoxe, que o Sr. alcalde lle diga aos comerciantes que se prescinde da plataforma “Ti Fas Cambre”, plataforma que funcionaba estupendamente e que ademais pode funcionar soa, incluso sen financiamento municipal. Que o Sr. alcalde lle diga aos comerciantes que era un servizo que o anterior goberno tiña sen contratar, cando está en contratación.

O que o seu grupo solicita é que o Sr. alcalde aclare que ocorreu con ese procedemento de contratación, porque a documentación que ela ten no seu poder, e que solicitou no seu día, non inclúe ningunha resolución, nin de adxudicación, nin de que o concurso quedara deserto, e non saben que puntuación tiveron as empresas, ou se algunha empresa resultou adxudicataria e non se quixo adxudicar. Solicita que o goberno local motive por que non se quixo adxudicar e que exhiba a resolución ou suposta resolución na que ese concurso quedou deserto.

Conclúe dicindo que iso é o que demandan e o que cren. Logo, se o goberno opta por outra política ou por outro sistema de promoción económica, iso xa o xulgarán os veciños, pero administrativamente cre que tanto o grupo popular como os comerciantes que lles expresaron as súas queixas, teñen dereito a saber que é o que motivou ao goberno a prescindir da plataforma e cales son as vías administrativas que se seguiron para que ese concurso estea enriba da mesa e non haxa nin unha soa resolución ao respecto.

O Sr. alcalde contéstalle que non é cuestión de gustos, e iso de que funciona estupendamente o di a señora concelleira, é unha percepción súa, que el non ten nin a tivo nunca, é unha cuestión de percepción. O goberno apostou por unha guía e, polo tanto, o que dixo que paralizaran a contratación. Directamente se paralizou a contratación, non é que quedara deserta ou que unha empresa tivera máis puntos que outra, non se chegou a iso. Directamente se paralizou, porque habería unha duplicidade en canto ao servizo e decidiuse non continuar con "Ti Fas Cambre". É así de claro. Engade que lle agradecería moitísimo que lle remita as queixas dos comerciantes porque lles explicará directamente en que consistirá o novo proxecto que se está a explicar aquí.

3º Sendo os servizos de iluminación pública e limpeza viaria dous dos servizos nos que todo municipio debe exercer competencias conforme co previsto no artigo 25.1.1) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, calquera incidencia que poida presentarse respecto deles debe ser xestionada polo noso concello.

Neste sentido, teñen sido varias as queixas veciñais sobre o estado no que se atopan algúns farois situados no Paseo Marítimo do Temple, entre eles un existente na confluencia coa rúa Vicente Risco que se atopa dende hai meses escorado; así como o estado no que se atopan os contedores de lixo (sobre todo os de residuos orgánicos e inorgánicos), que non son reparados cando se produce algún dano e en ningún caso limpados, situación máis evidente en épocas como a presente, caracterizada pola ausencia de choivas.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se solicite do equipo de goberno que se adopten as medidas necesarias para resolver os problemas detectados.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da área de Urbanismo e Medio Ambiente, manifesta que se formulan dous tipos de cuestións. Unha cuestión é a iluminación, o farol escorado, e como mínimo hai dous e no mesmo sitio, un de poste baixo de 3 metros e o outro non sabe se son 10 metros de altura ou 8 metros de altura. Di que están os dous en vías de solución. Respecto dos contedores sucios, comunica a súa queixa ao Consorcio e estará encima desta petición para que os manteñan limpos e en orde, posto que é a súa competencia.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, explica que di isto porque é algo repetitivo. Tiveron un verán excesivamente longo, e é verdade que hai que insistir no Consorcio. Cre que todos son conscientes, e eles no seu momento insistiron, en que hai que pedir ao Consorcio que o equipo de limpeza que ten, que limpe os contedores, porque cando o verán se alonga, como foi este ano, o cheiro é nauseabundo. Respecto do tema dos farois, simplemente dicir que, efectivamente, son dous, pero que hai algúns que levan sen iluminar varios meses, por iso solicita que se faga unha revisión de todos os farois, porque hai algúns que non funcionan dende hai meses, non iluminan simplemente, algúns que están colocados nas fachadas.

Don Juan González Leirós contesta que normalmente e ultimamente se atenden no prazo de uns tres días todas as reclamacións que hai dos veciños respecto deste asunto. Engade que quere facer unha mención moi sinxela

respecto dos farois. Quere lembrar que se un dos farois está escorado é porque se realizou mal a beirarrúa, e quere lembrar que esa beirarrúa é do ano 2005, os promotores solicitaron a primeira ocupación e lembra que tamén eles tiñan o cumprimento durante catro anos de ter resolvo o aval que estaba pendente, aval que resolveu este goberno en tres meses e que precisamente ese aval é o que vai pagar a reparación da beirarrúa. Polo tanto, di que van solucionar o problema, que é o que lle interesa aos veciños e deixarnos doutras historias.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/11674 o día 24 de decembro de 2015, xunto coa moción e preguntas presentadas para este pleno.

1º A marquesiña da parada de transporte público situada na estrada AC-221 nas inmediacións do apeadeiro de Cecebre, atópase deteriorada na súa estrutura o que supón un perigo para as persoas que circulan polo lugar diariamente, ademais de non cumprir a función para a que foi instalada e dando unha imaxe de abandono.

Pregamos ao Goberno realice as xestións pertinentes para o seu arranxo, e sinalice o lugar mentres non se repare.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da área de Urbanismo e Medio Ambiente, manifesta que xa estiveron alí e fai unha soa consideración, a parada non está afectada na estrutura, a parada está afectada nos elementos funcionais de protección dos ventos, que son os laterais. Fáltanlle as dúas pezas laterais de protección dos ventos, que non é estrutura; a estrutura son os dous postes que funcionan en beiril. Reitera que non está afectada na estrutura, que se pode usar perfectamente, pero, efectivamente, hai que poñerse mans á obra, porque non está ben.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que visitou o lugar esta tarde para comprobar o tema da marquesiña e detectou que os ferros, polo menos no lateral que dá á parte superior da marquesiña, si que teñen a estrutura coída que dobrada. É o que se advirte, el non sabe as medidas da estrutura como son, pero o que parece é que a estrutura está dobrada.

Di que ese é un aspecto bastante perigoso, porque non só deixa á xente que está por alí sen un sitio onde agardar o bus, que sería a súa función principal, senón que pode poñelos en perigo, porque non hai un tema de seguridade na propia marquesiña. Pódense aferrar os nenos do colexio que está próximo, agarrarse á propia marquesiña, que esta falle e caia. É unha cuestión importante a ter en conta.

Don Juan González Leirós manifesta que sen a menor ou maior arrogancia, e pídelle por favor que non o tome por aí, de estruturas el sabe un pouco, polo tanto, insiste en que non é un elemento da estrutura, o que si é verdade é que hai unhas pezas que sosteñen a marquesiña, a peza de abaixo de protección, que están soltas. É difícil que cheguen os rapaces, pero hai que darlle unha resposta a iso, e di que van darlle unha resposta inmediata.

2º A seguridade viaria no contorno dos centros educativos e de actividades sociais debe ser unha cuestión prioritaria para o Goberno municipal e o conxunto da Corporación, sendo a súa responsabilidade tomar medidas preventivas axeitadas que poidan garantir ou atenuar a seguridade das persoas nos lugares destas infraestruturas.

O paso de peóns situado na estrada CP-1702 en Sigrás atópase nun cruzamento perigoso con moita circulación rodada e peonil, onde existen distintas infraestruturas municipais (instituto David Buján, polideportivo e Protección Civil).

Resulta especialmente denunciabile a falta de visibilidade pola noite, complicándose aínda máis cando chove, e se isto non era suficiente para a inseguridade viaria que desde ACdC denunciámos, atopámonos con que aos condutores cando levan dirección aos Campóns a causa das árbores que quedan á man esquerda da vía, dificultánlles a visión dos peóns que van cruzar, tendo estes que agardar a ver que fai o vehículo para decidirse. Se temos en conta a recta que precede en ambas direccións que en ocasións recolle altas velocidades permitimos suxerirlle ao concelleiro responsable que incorpore mecanismos para reducir a velocidade no dito cruzamento.

Ante as denuncias que nos achegaron a ACdC neste senso, sobre todo por alumnos do propio instituto, pregamos ao Goberno, que con carácter urxente adopte as medidas necesarias co fin de acadar unha maior seguridade e reducir o risco existente na zona indicada.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da área de Urbanismo e Medio Ambiente, contéstalle que tal como dixo o señor concelleiro, efectivamente hai varios problemas. Un dos problemas é de medidas de mantemento e conservación para a visibilidade, e o outro de cuestión de velocidade, que parece que é o que o concelleiro reclama máis. En canto ao tema da velocidade, o Concello fixo o que podía facer, porque esta estrada non é unha estrada municipal, co que ten que contar con outro organismo, que é poñer o radar cada vez cando se ten. Dende febreiro hai quince denuncias, de xente que efectivamente conducía cunhas velocidades inadecuadas como 60 ou 70 km/hora, cando está sinalizado a 50 km/hora. Púxose o radar. Van ver se esa medida modera a velocidade e, se non é así, haberá que tomar outras medidas, como solicitar algunha outra consideración respecto da administración competente no caso. A ver se esta medida pode solucionar o asunto, porque é verdade que o paso está nun sitio moi complicado, moi difícil.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que pensa que non se ten porque agardar a ver que pasa co uso do radar, é máis, nos meses nos que están, nos meses de decembro a xaneiro, por exemplo, son os meses de menos luz, e hai que ter iso en conta. Daquela, se como di o Sr. Leirós é competencia da Xunta de Galicia ou da Deputación Provincial actuar nesa vía, que menos que o Concello faga as xestións necesarias para que se poñan en marcha todas as medidas posibles para que, polo menos, se limite ou controle o tráfico e se limite o problema que ten ese paso de peóns.

En canto á visibilidade do propio paso de peóns, coida que se pode sinalizar dalgunha maneira un pouco máis forte, algo máis visible, facer un paso de peóns no que os propios peóns e os condutores sexan conscientes de que está aí, antes e despois da curva precedente pola parte de abaixo e na parte de arriba na propia recta con algún tipo de indicación, algún tipo de sinalización que se poida facer.

Don Juan González Leirós contesta que, pola pequena experiencia que el ten neste tema, o titular desa estrada non vai propoñer ningún paso con focha, e dille que se esqueza diso. No tema da iluminación, adoptarán medidas e o solicitarán. Hai unha medida que lle parece interesante, que é colocar sinais luminosos, aínda que iso custa cartos e tamén hai que solicitarllo á administración competente. Vai ser unha loita bastante forte. Si se pediu que se sinalizara como zona escolar, para que a xente sexa máis consciente, porque agora mesmo non o está, está como paso de peóns.

3º En consonancia co rogo anterior, no mesmo vial e dirección Cambre á altura da ponte do río no cruzamento que nos leva á ponte do ferrocarril da estación de Cambre, atopámonos cos restos do que foi no seu día un paso de peóns hoxe totalmente borrado, de seguido chegamos a unha curva pronunciada de visibilidade reducida, e en ningunha das beiras hai beirarrúas, facéndose impracticable especialmente a beira esquerda tomada por a maleza, non estando debidamente axeitadas para a circulación das persoas, sobre todo as que circulan en cadeira de rodas, tendo en conta tamén o tránsito de mozos e mozas que se desprazan diariamente para acudir ao instituto.

Polo exposto pregamos se elabore un proxecto e se leven a cabo as obras necesarias para garantir a seguridade no dito lugar e non teñamos que lamentar ningún accidente con consecuencias graves.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da área de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que ao ser unha ponte ten un largo, é evidente, se a ponte ten un largo, non se pode ampliar, agás que se faga unha obra de ampliación da ponte. Expón a dificultade que iso supón, non é algo para mañá nin para pasado. Con isto quere dicir que si o saben, si é verdade que hai un paso estreito, que as cadeiras non poden acceder, e non se pode superar porque a pendente máxima tamén ten una pendente dificultosa. Non é fácil a solución deste problema que formula o señor concelleiro.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que non por difícil ten que quedar sen solución. Pensa que é algo no que hai que comezar a traballar seriamente, porque como di o Sr. Leirós, é algo complexo, ten que afectar incluso a unha partida orzamentaria, hai que facelo ben, pero hai que facelo xa.

O tema da seguridade viaria en Cambre é algo que está bastante deficiente, entón, é algo no que se ten que comezar a traballar dende hai dous meses, non dende mañá, senón dende hai dous meses. Comezar a revisar todos eses contedores que impiden a visión, todas esas beirarrúas que non permiten o paso, todos eses pequenos puntos negros que non deixan máis que poñer os cidadáns en perigo, este é un caso dos máis flagrantes, porque ademais vén da falta de previsión nas construcións, na formación das infraestruturas. Unha idea que se lle ocorre pode ser a construción dalgún tipo de ponte metálica, como se dan nalgunhas outras circunstancias. É unha cousa que hai que estudar, pero non pode ser algo que deixen pasar máis no tempo, polos mesmos motivos que vén dicindo.

Don Juan González Leirós contéstalle que están no tema da seguridade viaria e agradece ademais a colaboración do grupo de ACdC-SON ao traer, nun concello tan disperso, aqueles elementos que van atopando e que ás veces non ven.

O Sr. alcalde manifesta que é unha preocupación para todos, sen dúbida.

4.3. Preguntas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/11682 o día 26 de decembro de 2015.

1ª O avance na igualdade de oportunidades é unha meta a conseguir conforme a unha sociedade máis equilibrada e solidaria, na que corresponde por igual a homes e mulleres o proxecto compartido de construír un mundo máis solidario, máis equilibrado e sen discriminacións. Para acadar a dita meta deberemos traballar dende as distintas administracións por descubrir e conseguir unha maior e mellor presenza feminina, cuantitativa e cualitativa, en todos os ámbitos sociais e profesionais.

A iso axudan, sen dúbida, os centros de información á muller (CIM) que, integrados entre os servizos municipais, permiten prestar atención especializada coa finalidade de acadar as ditas metas. Entre elas, a atención psicolóxica, a orientación profesional, o asesoramento individualizado e colectivo ou a información sectorial específica.

De aí que dende a Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, se alente e axude á existencia destes centros por parte dos concellos de Galicia, de cara a conseguir tales obxectivos.

Trala recente visita do alcalde de Cambre e técnicos municipais xunto a representantes do Concello de Carral á Secretaría Xeral de Igualdade en Santiago de Compostela, para os efectos da creación dun Centro de

Información á Muller conxunto para ambos municipios, dende o Grupo Municipal Popular preguntámonos sobre as xestións que se están realizando sobre o particular e os resultados da mencionada reunión.

O Sr. alcalde contesta que foi coa técnica municipal xefa dos Servizos Sociais e a concelleira do Concello de Carral. Quedaron en ver algún lugar en Cambre dos máis axeitados. Neste momento están a traballar con dous sitios, un que é o centro de saúde, aínda que sería de forma momentánea, porque agardan poder cedelo directamente ao Sergas dentro de pouco e cambiar de sitio a biblioteca. E o outro é no centro de saúde no Temple, que deixará paso ao novo centro de saúde. Están a estudar esas dúas medidas. A técnica está a redactar un informe do que custaría o servizo, e a partir de aí, na Xunta de Voceiros informárase antes de adoptar ningún tipo de decisión. Carral súmase e está de acordo en principio con esta iniciativa.

2ª Dende o pleno ordinario do pasado día 16 de setembro, o Grupo Municipal Popular solicitou sucesivamente do equipo de goberno, tanto en sesións plenarias como en solicitudes por escrito, que informara sobre as previsións levadas a cabo polo mesmo ante a inminente entrada en vigor da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, popularmente coñecida como “Lei de transparencia”, en cuxa Disposición final novena se recolle a súa entrada en vigor de forma gradual para as comunidades autónomas e as entidades locais a partir do xa pasado 11 de decembro de 2015. Incluso o Sr. alcalde de Cambre comprometeuse na dita sesión plenaria a contestar por escrito e a entregar informe sobre as medidas que se estaban adoptando nas distintas concellerías para o seu efectivo e correcto cumprimento.

Unha vez entrada en vigor a mencionada lei, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao equipo de goberno, con independencia do informe prometido, que se informe *in voce* nesta sesión plenaria sobre as medidas xa adoptadas no noso concello para a aplicación efectiva do mencionado texto lexislativo.

Don Juan María Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta que se lles enviou esta mañá, iso si, tarde, ás 13.30 horas, un informe de Secretaría que agradece, se ben, entenden dende o seu equipo que faltaría o que é a publicidade pasiva durante todo o tempo. No informe fálase da publicidade activa pero non das obrigas que ten o Concello respecto da publicidade pasiva, é dicir, o acceso á información por parte dos cidadáns. Pregunta que é o que se vai facer cando un cidadán vén requirindo do Concello información. A partir de agora terá acceso a todos os expedientes. A negativa será, precisamente, a excepción, e ten que estar bastante motivada, por iso, a súa insistencia durante tantos plenos. De todas maneiras, agradece á señora secretaria polo seu informe.

O Sr. alcalde contéstalle que cumprir se está cumprindo. Pide desculpas por ter enviado o informe tan tarde. É un informe que, como puideron ver, cre que está moi traballado e, polo tanto, pide desculpas por enviálo tarde, pero reitera que se está a cumprir, e agarda que se poida contratar persoal o vindeiro ano para axilizar todos estes trámites que a lei lles obriga a facer, polo ben da transparencia ademais.

3ª O pasado 1 de decembro, o alcalde de Cambre e o presidente da Asociación de Empresarios de Cambre asinaron un convenio de colaboración entre ambas entidades polo que se poñen en marcha varias accións de dinamización comercial e promoción económica ao longo do ano no noso municipio.

Como consecuencia do dito convenio, a mencionada asociación pode levar a cabo en colaboración co Concello de Cambre eventos como a Feira do comercio e a artesanía, a campaña do día da nai ou o Temple Stock; para o cal o Concello de Cambre ten concedido unha subvención nominativa de 18.000 €.

Non obstante o anterior, o alcalde de Cambre manifestou ante os medios de comunicación que este convenio xa estaba pactado polo anterior executivo local para a realización de accións no exercicio 2015; puntualizando que “Modificaremos no futuro algún destes eventos comerciais para darlle un maior impulso ao noso comercio e aos nosos empresarios”, razón pola cal o Grupo Municipal Popular pregunta ao alcalde de Cambre cales son as modificacións que o equipo de goberno pretende levar a cabo no futuro máis próximo para impulsar o noso comercio e os nosos empresarios.

O Sr. alcalde manifesta que algunha das medidas xa as viron. Puxeron en marcha unha medida co tema dos artesáns, que se chamou Artificios e que saíu bastante ben, dito por eles, non é un tema de percepción súa ou do grupo de goberno, senón dito polos propios artesáns. Polo tanto, xa tomaron outro tipo de iniciativas.

O convenio si que estaba comprometido polo anterior goberno, iso o sabía antes das eleccións, que non cambiaría absolutamente nada no ano 2015, pero si en conversas co presidente dos empresarios e de mutuo acordo co presidente dos empresarios hai que dar unha volta tanto á feira de artesanía como ao Temple Stock. Eles son conscientes de que cada ano é peor, a feira ten menor calidade e, polo tanto, o seu compromiso con eles é sentarse e volver deseñar ou ben a feira de artesanía ou ben o Temple Stock, continuar con ese sistema ou facer algo totalmente novo pero sempre falando en eles. Iso é no que quedou co presidente dos empresarios.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/11674 o día 24 de decembro de 2015, xunto coa moción e rogos presentados para este pleno.

1ª As fontes do noso concello foron tradicionalmente puntos de grande importancia para o desenvolvemento das actividades diarias dos cidadáns, conservalas no mellor estado e unha tarefa necesaria que corresponde o Goberno municipal. Existen en Cambre aproximadamente 200 elementos en distintos lugares do termo municipal, de non remedialo e poñer en valor este patrimonio histórico, etnográfico e natural, estamos condenados a perdelo para sempre.

A fonte de “Maio” en Cela, situada aproximadamente entre 250 e 300 metros da propia rotonda fronte da igrexa de Cela pode considerarse que se atopa nun estado lamentable debido ao seu abandono, mesmo é difícil vela.

Ten previsto o Goberno, realizar algún traballo de acondicionamento da fonte e do seu contorno así como no mesmo sentido, das outras fontes do concello que se atopan en situacións similares?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da área de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que como o propio concelleiro pode entender está facendo dúas preguntas, polo tanto intentará contestarlle á que cre que é máis favorable ao solicitante, sempre se debe favorecer dende a administración.

Di que entende que o tema das fontes é un tema moito máis global, hai que inventarialas, hai que valorar cal é o inventario de bens, que deficiencias teñen e hai que facer un plan de actuación, polo tanto, hai que aplicar un orzamento. Ir facendo a de Cela, a de Bribes, independentemente, non contén valor histórico ningún, e menos se non saben de onde procede, onde as teñen. Propón, primeiro, facer un inventario, despois valorar as deficiencias e despois o plan de actuación. Como se acomete este inventario, loxicamente a partir do patrimonio. Tamén di que cando vas cun seiscentos e queres chegar a Madrid en seis horas, ás veces o seiscentos quéimase e xa non hai carreira, é dicir, está intentando dicir que a administración que teñen é a que teñen, que sexan conscientes, por suposto que hai que superarse, pero o que teñen é o que teñen, e a ver se se van queimar no camiño.

2ª Na páxina web do concello publícanse as retribucións dos membros da oposición, información que coidamos de interese para todos os veciños e veciñas do concello. Igualmente, e sempre partindo do absoluto respecto á Lei 15/1999 de protección de datos, entendemos que igualmente interesante para os veciños é coñecer a información das percepcións netas do resto de membros do Goberno.

Para cando ten previsto o Goberno sumarse á transparencia nas percepcións e engadir o apartado retributivo mensual dos membros do Goberno?

O Sr. alcalde contesta que xa está publicado na páxina web, debaixo xusto de onde están as percepcións que cobran os concelleiros que non están no grupo de goberno, hai unha pestana que di o que cobra o grupo de goberno. A principios de legislatura, no BOP do 14 de xullo publicáronse as percepcións, e as percepcións son as que son, quere dicir, 32.000 euros o alcalde, 40.000 euros o concelleiro de Urbanismo, 28.000 euros o concelleiro de Cultura e 24.000 euros as concelleiras de Axencia de Desenvolvemento Local e Xuventude e Deportes. Os concelleiros non cobran un peso máis que o que se acordou no pleno.

Dille ao señor concelleiro que divida el entre catorce, é o que hai. Non hai ningún problema, ou o problema é que a xente non sabe ou non quere dividir entre catorce o que eles cobran. El cobra ao ano 32.000 euros, que queren saber o que cobra cada mes ou cada día, ou cada semana, está na páxina web, se queren que se faga por catorce e se publique na páxina web, non hai ningún problema. Pero tamén piden a cantidade neta, que non se pode poñer, porque cada un ten unha cantidade neta en función da unidade familiar. Non é un tema de transparencia. Que se queren que se faga por mes, faise por mes. O vindeiro mes, estará posto por mes o que cobra cada un deles. Non sabe se se poderán ver as nóminas.

Di que está contestada a pregunta, e se queren por mes, farase por mes, non hai ningún tipo de problema pola súa parte, non hai nada que ocultar, está claramente, se queren algo máis e coa Lei de protección de datos non hai ningún tipo de problema, discútese nunha xunta de voceiros e pola súa parte, ningún problema, pero que non quede no aire que non hai un tema de transparencia ou que estean ocultando o que ganan, non, o din abertamente, dixérono sempre.

3ª O pasado 23 de decembro tivo lugar un ágape de Nadal ao que fomos convidados os concelleiros, cunha invitación que informaba que o dito ágape se ofrecería a todas as traballadores e traballadoras do concello con motivo das datas de Nadal. Os membros de ACdC non asistimos ao dito ágape polo que preguntamos:

Poden informarnos do custo e conceptos que asumiu o concello para a celebración do dito ágape?

O Sr. alcalde contesta que 385 euros.

A continuación manifesta que, antes de rematar, quere agradecer a Asemblea Cidadá de Cambre un escrito que fixo para que se homenaxease a unha persoa de Sigrás que cumpría 102 anos. Fíxose así e quere agradecer publicamente a idea, pareceulle unha idea estupenda e así o fixo en representación de toda a Corporación. Por último, desexa a todos feliz fin de ano e que o ano que vén teña, sobre todo, saúde e traballo.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
Mª Luisa de la Red Ampudia